

# Preguntas e respostas da atención á diversidade



Seminario Orientadores:

COORDINACIÓN: Marta C. Romeo

Documentación e Revisións:

Antonia Fernández Pena, M<sup>a</sup> José Naveira Bouza

Colaboracións:

Yolanda Barallobre Ferreño

Rosa M<sup>a</sup> Bedoya Bouza

Saínza Bonome Carballés

M<sup>a</sup> Esther Casal López

Amelia M<sup>a</sup> Conde Vázquez

Sandra M<sup>a</sup> Dans Lagoa

M<sup>a</sup> Jesús Díaz Sánchez

Rosa M<sup>a</sup> Doce García

Jesús Falcón Cazás

Nila García González

M<sup>a</sup> Paz López Galego

Pablo Rioboo Santiago

M<sup>a</sup> José Ruiz Moreda

Carmen Soto Carballada

Este documento puede utilizarse bajo Licencia Creative Commons:



## Parte 1. Adaptacións do currículo

	Presentación	
1	Revisión de conceptos	
2	Diferencia AC- RE	
3	Destinatarios	
4	Requisitos	
5	Criterios de exclusión/rexeitamento	
6	Estrutura do documento: informe e modelo	
7	Curriculo de referencia. Curriculo adaptado.	
8	Criterios de avaliación e promoción	
9	Criterios de titulación	
10	Responsabilidades	
11	Procedimento de elaboración e autorización	
12	Rexistro das medidas en XADE e no historial académico	
ANEXOS	I. Medidas de atención á diversidade II. AC nas etapas obrigatorias e non obrigatorias III. Modelos IV. Lexislación de referencia	
A	Aplicacións tecnolóxicas	
B	Indice de preguntas	
C	Resumo	
D	Fontes	

## PRESENTACIÓN

A atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. (Definición Art. 3 do Decreto 229/2011). Partindo que a atención á diversidade (Art. 4 do Decreto 229/2011):

- Réxese polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docente e participación de toda a comunidade educativa.
- Abrangue á totalidade do alumnado.
- Ten en conta nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos.
- As accións preventivas e de detección temperá teñen carácter prioritario, coa implicación e participación de toda a comunidade educativa, ...
- Priorízanse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
- A intervención educativa baséase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- As familias reciben, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade son accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Na práctica diaria na adopción medidas de atención á diversidade, desde os departamentos de orientación poden xurdir dúbidas de aplicabilidade que non sempre teñen resposta na normativa vixente.

Este dossier intenta poñer unha certa orde e claridade nas cuestións que máis e con maior frecuencia suscitan erros, dúbidas ou lagoas na toma de decisións para que, na medida do posible, atendendo á lexislación vixente e aos procedementos normalizados polas autoridades educativas, poidamos unificar criterios de actuación.

## ¿Cales son as medidas de atención á diversidade que podemos contemplar nos centros educativos? (\*)

### – **Medidas ordinarias** (Art. 8 do Decreto 229/2011):

- Adecuación das programacións didácticas e de aula ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, ...
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos, ...) e da aula, ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos e ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións dirixidas á mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

### – **Medidas extraordinarias** (Art. 9 Decreto 229/2011 e LOMCE):

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio de profesorado de PT/AL.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- PMAR (LOMCE).
- FPB (LOMCE).
- Escolarización diferente da ordinaria (combinada ou total en CEE ou unidade EE).
- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- Grupos de adquisición das linguas.

- Grupos de adaptación da competencia curricular.
- Permanencia dun ano máis nun curso ou ciclo (\*\*)

(\*) No anexo I pódese consultar un cadro destas medidas

(\*\*)A repetición de curso no ensino básico e no bacharelato considérase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado (*Artigo 13. 1 do Decreto 105/2014 para a educación primaria, Artigo 23. 1 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño na ESO e no bacharelato*).

### ¿Cales son as características distintivas entre ambas?

ORDINARIAS	EXTRAORDINARIAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>● Facilitan a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.</li> <li>● Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivacións, intereses, ...</li> <li>● Están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Dirixidas a dar resposta ao alumnado NEAE que pode requirer modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.</li> <li>● Aplícanse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes</li> <li>● Precisan da autorización da dirección do centro, da inspección, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, de ser o caso, informe xustificativo dos servizos de orientación</li> </ul>

## ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Mentres non exista normativa nova que a derogue, as adaptacións curriculares en Galicia regúlanse pola Orde do 6/10/1995, coa salvidade dos artigos expresamente derogados ou que contraveñan o disposto en normativa posterior de igual rango ou superior.

Hai que ter en conta, principalmente, as modificacións que á citada Orde introduce a LOMCE, o Decreto 105/2014 (currículo de educación primaria), o Decreto 86/2015 (currículo de educación secundaria) e o Decreto 229/2011 de atención á diversidade en Galicia, fundamentalmente.

Analizamos esta medida extraordinaria co fin de adaptar a normativa de referencia aos requerimentos reais de todo o proceso de aplicación desde a detección da necesidade da medida ata a súa xestión documental.

# 1. REVISIÓN DE CONCEPTOS

## ¿Por qué as Adaptacións Curriculares son medidas extraordinarias?

Porque, como todas as medidas extraordinarias, están dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes (Artigo 9. 1. do Decreto 229/ 2011)

## ¿Cómo se definen as adaptacións curriculares?

Enténdese por adaptacións curriculares as modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun/ha alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. (Orde do 6/10/95). A os elementos prescritivos citados temos que engadir as competencias clave e os estándares de aprendizaxe (LOMCE).

A LOMCE define como alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (en adiante NEAE) aquel que require unha atención diferente á ordinaria por presentar Necesidades Educativas Especiais (en adiante NEE), por dificultades específicas de aprendizaxe, Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (en adiante TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

En consecuencia, a LOMCE amplía o ámbito de necesidades educativas do alumnado e indirectamente modifica a definición de adaptacións curriculares.

A adaptación curricular é, en definitiva, unha “programación adaptada” co fin de dar unha resposta adecuada ás necesidades que presenta un/ha alumno/a concreto/a con NEAE, tendo sempre como referencia o currículo ordinario.

Cómpre diferenciar entre **adaptacións de acceso ao currículo**, **adecuacións do currículo** e **adaptacións curriculares** (na nosa lexislación as adaptacións de acceso ao

currículo son medidas de reforzo educativo)

## ¿Adaptación Curriculares “Significativas” ou só Curriculares?

O concepto de adaptación curricular significativa aparece recollido co “apelido *significativas*” nos RD 1105/2014 e RD 126/2014. En Galicia, a nosa norma sempre utiliza a denominación Adaptación Curricular (AC). Entendemos que as adaptacións do currículo como medida extraordinaria son sempre significativas, polo que obviamos a redundancia.

## ¿Que se “adapta” nunha adaptación curricular?

A Adaptación Curricular é unha medida extraordinaria de atención á diversidade que consiste nas modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, as competencias clave, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna con NEAE motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal, social, cultural, de incorporación tardía, de historia escolar como polas súas capacidades excepcionais (*artigo 5º. 1 da ORDE do 6 de outubro de 1995 e Artigo 32.1 do Decreto 229/2011*).

Ditas modificacións poden consistir en reaxustar, reducir, suprimir, complementar ou ampliar (*artigo 6º, a da Orde do 6 de outubro de 1995*).

O referente para a introdución de ditos modificacións serán as competencias clave e os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro etapa ou curso distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular (*artigo 5º. 2 da citada Orde*), agás no bacharelato e na FP que non poderán, en ningún caso, pertencer a outra etapa. Así mesmo, deberase adaptala duración e as condicións de realización de probas específicas ás características destes estudantes (con problemas graves de audición, visión ou motricidade) (*Artigo 14º.1 da Orde do 6 de outubro de 1995*).

A avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas súas adaptacións (*Artigo 9º de RD 1105/2014*). *Este apartado fai referencia aos elementos prescriptivos do currículo adaptado, é dicir, que si un alumno/a supera a súa AC promocionará en función dos criterios xerais de promoción fixados con carácter xeral para todo o alumnado.*



## 2. AC e REFORZO EDUCATIVO

Ás veces, a liña que delimita un reforzo educativo dunha adaptación curricular é moi fina. De feito o retraso curricular que nuns centros educativo se resolve cun reforzo noutros abórdase cunha AC... Dependerá de moitas variables, que van desde os recursos dispoñiibles ata a circunstancias particulares de cada caso.

Nembargantes, na norma atopamos elementos diferenciadores.

### ¿Qué é un Reforzo Educativo (RE) e qué implica para o alumno?

- Dirixido ao alumnado para o que non se precisa a modificación dos elementos prescritivos do currículo.
- Pode implicar modificacións na secuenciación de contidos, organización do tempo e dos espazos, procedementos e instrumentos de avaliación, agrupamentos, actividades de ensinanza-aprendizaxe, outros aspectos metodolóxicos.
- Elaborado polo profesorado ordinario co coñecemento da persoa titora e asesoramento do DO.
- Non precisa autorización expresa.
- Os criterios de avaliación e promoción son os mesmos que para o resto do alumnado.
- As familias deben estar informadas.
- Desenvólvese no contexto ordinario da aula polo profesorado da materia.
- Pode colaborar outro profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Reflictese no expediente do alumnado e no XADE como RE.
- Pode ser requisito para acceder posteriormente a outras medidas de atención á

diversidade.

Esta medida, no territorio MEC, correspondería a unha Adaptación Curricular “non Significativa” que o profesor aplica a un alumno con necesidades específicas de apoio educativo. Normalmente son alumnos que precisan pequenos axustes (temporalización, adaptacións nas actividades, nos procedementos e/ou instrumentos de avaliación, cambios metodolóxicos...) para seguir a a programación de aula ou de nivel. O reforzo non ten ningún tipo de repercusión polo que respecta á Promoción e á Titulación

### ¿Cándo aplicamos unha Adaptación Curricular (AC)?

- A Adaptación Curricular (AC) aplicase aos alumnos cun desfase curricular igual ou superior a dous cursos académicos, (e maneira xenérica e non recollido na norma), agás cando fan referencia a alumnado con problemas sensoriais, motóricos, alumnado de altas capacidades ou alumnado que cursa estudos de música e danza, simultaneamente con estudos da ESO.
- En xeral, son alumnos que presentan un desfase curricular significativo que implica que teñen dificultade para seguir a programación didáctica da aula.

Este tipo de adaptación tamén as leva a cabo o profesor de área/materia, seguindo as orientacións da xefatura do DO e coa colaboración do profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais (especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe). Este profesorado soe impartir docencia directa a este alumnado cando hai un desfase significativo entre o currículo do seu grupo de referencia e o currículo adaptado.

- A gran diferenza co Reforzo, é que na Adaptación Curricular sí se eliminan elementos prescritivos do currículo oficial e pode desenvolverse fóra do grupo ordinario e con apoio PT.

## SÍNTESI COMPARATIVA

REFORZO EDUCATIVO	ADAPTACIÓN CURRICULAR
<p>Medida <b>ordinaria</b> de atención á diversidade que supón a modificación dos elementos <u>non prescriptivos</u> do currículo.</p>	<p>Medida <b>extraordinaria</b> de atención á diversidade que implica a modificación dos elementos <u>prescriptivos</u> do currículo.</p>
<p>Dirixida a: alumnos/as que <b>poden seguir o normal desenvolvemento da clase</b> coas modificacións mencionadas a continuación.</p>	<p>Dirixida a: alumnos/as que <b>non poden seguir a programación</b> de aula precisando modificacións nos elementos prescriptivos do currículo mencionados a continuación.</p>
<p>Afecta a :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Secuenciación de contidos</li> <li>✓ Procedementos e instrumentos de avaliación.</li> <li>✓ Organización da aula: espazos e tempos.</li> <li>✓ Agrupamentos</li> <li>✓ Actividades de ensinanza-aprendizaxe</li> <li>✓ Outros aspectos metodolóxicos</li> </ul>	<p>Afecta a :</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Obxectivos (poderanse reaxustar, reducir, suprimir, complementar ou ampliar, se é o caso).</li> <li>✓ Competencia clave (poderanse adaptar, complementar, modificar e suprimir)</li> <li>✓ Contidos (poderanse modificar, complementar e suprimir)</li> <li>✓ Criterios de avaliación ( poderanse adaptar, complementar, modificar e suprimir)</li> <li>✓ Estándares de aprendizaxe ( poderanse adaptar, complementar, modificar e suprimir)</li> </ul>
<p>Duración : <b>transitoria</b></p>	<p><b>Duración mínima: un curso.</b></p>
<p>Referente: <b>Currículo ordinario</b> concretado na programación de aula</p>	<p>Referente: As competencias clave e osOs obxectivos xerais de etapa concretados para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer a outro curso ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto a AC (no ensino básico).</p>
<p>Desenvolvemento: en xeral, <b>aula ordinaria e grupo de referencia</b> en todas as etapas educativas.</p>	<p>Desenvolvemento: con carácter xeral, dentro da <b>aula ordinaria e, excepcionalmente, fóra da mesma.</b></p>

<p>Responsables do deseño e <u>desenvolvemento</u>: <b>profesorado que imparte a área ou materia.</b></p>	<p>Responsables do deseño e desenvolvemento: <b>titor</b> e <b>profesorado</b> que imparte a área ou materia coa intervención directa do <b>profesorado de apoio</b> aos alumnos /as con n.e.e., a colaboración e asesoramento do <b>orientador</b> e, se é o caso do especialista do Equipo de Orientación Específico.</p>
<p>Criterios de avaliación e promoción: os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado do centro.</p>	<p><b>Avaliación:</b> segundo os criterios individualizados recollidos na Adaptación Curricular.</p> <p><b>Promoción:</b> os establecidos para a etapa correspondente.</p>
<p>Seguimento: ao longo do curso escolar.</p>	<p>Seguimento: polo menos unha vez ao remate de cada trimestre.</p>
<p>Requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Comunicación ao titor/a por parte do profesor correspondente.</li> <li>✓ Comunicación ás familias e ao equipo directivo por parte do titor/a.</li> <li>✓</li> </ul>	<p>Requisitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Avaliación psicopedagóxica (diagnóstica)</li> <li>✓ Celebración da preceptiva reunión coa xefatura de estudos e o profesorado implicado.</li> <li>✓ Comunicación ás familias</li> <li>✓ Autorización da inspección educativa.</li> </ul>
<p>Rexistro no <b>XADE (RE)</b> e aparece recollido no expediente académico do alumno/a , no informe de avaliación ás familias e nas actas de avaliación final de curso.</p>	<p>Rexistro no <b>XADE (AC)</b> e aparece recollido no expediente académico do alumno/a , no informe ás familias, nas actas de avaliación final e no historial académico do alumno/a.</p>

FONTE: Fernández Pena, A. (2001). Adaptaciones curriculares: un enfoque dende a práctica educativa. A Nosa Terra. Vigo. Actualizado coa normativa LOMCE

### 3. DESTINATARIOS

En xeral, para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado (*Artigo 7.1. do Decreto 86/2015 e Artigo 16. 1. do De 105/2014, Artigo 32.1 do Decreto 229/2011*).

Ademáis do ANEAE mencionado anteriormente, tamén poden contemplarse adaptacións curriculares significativas nas áreas de música e educación física a aqueles alumnos que cursen simultaneamente estudos de educación secundaria obrigatoria e estudos profesionais de música ou danza que non obtiveran as convalidacións correspondentes.

No caso da área de música, consistirán en medidas de ampliación e no caso de educación física, estarán dirixidas a potenciar e perservar a parte anatómica relacionada coa práctica da danza e a música que o alumno/a estea cursando.

Neste caso non será necesaria a avaliación psicopedagóxica deste alumnado (*Artigo 47 do capítulo 24 da Lei Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, Artigo 11º.1,2 e 3 da Orde de 27 de marzo de 2009*).

#### ¿En qué etapas educativas se realizan as AC?

##### **Con carácter xeral e fundamentalmente, na Educación Básica Obrigatoria**

- A Orde do 6/10/95 tamén as contempla en educación infantil, bacharelato e formación profesional, aínda que en realidade non se realizan practicamente.
- No caso das adaptacións curriculares en educación infantil realízanse propostas, especialmente, para o caso de flexibilizacións da duración do período de escolarización.
- Non se contemplan as adaptacións curriculares nos ciclos de formación profesional básica (FPB), pero poden realizarse nos programas de FPB impartidos nos centros de educación especial.

## ¿ A quen lle corresponde deseñar a AC na escolarización combinada?

Artigo 16.2 do Decreto 229/2011:

No caso das escolarizacións combinadas entre un centro ordinario e un centro de educación especial, o alumnado pertencerá, para efectos académicos administrativos, ao centro educativo que se determine na resolución da xefatura territorial correspondente.

O profesorado de ambos centros coordinárase no proceso de planificación, atención e avaliación deste alumnado.

– Tendo en conta que unha parte importante do alumnado en escolarización combinada ten autorizada unha adaptación curricular, deberían establecerse nesta os mecanismos de coordinación entre o centro ordinario e o CEE.

– Esta coordinación tamén habería que planificala entre o centro ordinario e a unidade de educación especial, de ser o caso.

Sin embargo, corresponde ao centro ordinario a elaboración da adaptación curricular dado que o centro de educación especial xa leva a cabo un currículo específico.

Nota: No Anexo II desenvólvese información relativa a todas as etapas educativas

## 4. REQUISITOS

Na resposta educativa á diversidade priorizaránse as medidas de carácter ordinario e normalizador. Isto implica que calquera intervención seguirá a máxima normalizadora, e irá progresando da mínima a máxima intervención Polo tanto ante unha NEAE comenزارáse sempre adoptando as medidas ordinarias quen máis se axusten , sexan curriculares e/ou organizativas, ás necesidades detectadas. E únicamente cando estas medidas ordinarias e, organizativas e/ou curriculares, non sexan efectivas ou resultaren insuficientes poñeremos en marcha as extraordinarias, tal e como dispón a lexislación: “só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores”

### ¿Cando se debe elaborar unha adaptación curricular?

- Unha vez esgotadas as medidas de atención á diversidade ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.
- Cando exista desfase curricular significativo con respecto ao currículo de referencia que non se poida solventar aplicando medidas ordinarias.
- Con carácter xeral, antes de realizar unha adaptación curricular sería conveniente aplicar outras medidas de atención á diversidade menos extraordinarias (entre elas a permanencia dun ano máis nun curso, aínda que non é preceptivo).
- Pode decidirse a elaboración dunha adaptación curricular en varias áreas curriculares ou nunha soa área, en función das necesidades específicas do alumnado.

### ¿Cánto desfase curricular pódese tomar “como referencia” para elaborar unha adaptación curricular?

Outro termino que resulta ambiguo e pouco delimitado na lexislación, é o concepto de DESFASE NO NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR. Precisamente é este desfase, o argumento principal para propor calquera medida extraordinaria. En concreto aparece o concepto en referencia a alumnos con graves carencias nas linguas, pero por xeneralización extendémolo a todo o proceso diagnóstico, sendo un elemento moi clarificador da situación e das necesidades curriculares do alumnado con NEAE.

Entre os orientadores ás veces fálase de un ou dous cursos de desfase curricular. Pero esta referencia non aparece reflectida na normativa. Ben é certo que se antes adoptamos outras medidas estaríamos esgotando tanto a permanencia un ano máis no curso, como os reforzos na aula ordinaria ou programas personalizados de recuperación de materias pendentes... polo que, en función dos recursos dos centros, da identificación das necesidades educativas a partir da avaliación psicopedagóxica e do perfil do docente da área, tomaráse a decisión atendendo á recomendación do DO. Nalgúns casos de incorporación tardía ao noso sistema educativo cun desfase curricular moi significativo podería valorarse a elaboración dunha AC, sempre e cando no centro non teñan en funcionamento outras medidas grupais destinadas a este alumnado (grupo de adaptación da competencia curricular...).

### **Ademáis da competencia curricular o profesorado soe valorar criterios de socialización e integración co grupo, fronte á repetición de curso. Cómo resolvemos?**

Na normativa non atopamos unha resposta clara. Nos casos en que o avance sexa moi lento, polas características e necesidades que presenta o alumnado a repetición facilitara unha maior maduración e por conseguinte unha aproximación mental e social aos compañeiros. E no caso en que as NEAE sexan máis leves e non permanentes, a repetición é a mellor solución se o alumno non ten adquiridos os obxectivos, as competencias claves e os estándares de aprendizaxe do curso ou ciclo no que está matriculado. A isto hai que engadir que para acceder a moitos programas na ESO necesítase requisitos de medidas previas. Polo tanto ante unha NEAE a repetición de curso en cada etapa pode ser necesaria en función da identificación das necesidades que presenta o alumnado is. Outra cousa é valorar donde é máis eficaz a repetición. Por último precisar, que desta xeralización quedan excluídos aqueles rapaces cujas dificultades non sexan permanentes, e as necesidades as presenten nunha área concreta. En Primaria a decisión da promoción ou permanencia recae no titor, que pode solicitar asesoramento ao DO. Corresponde, polo tanto, aos axentes educativos a toma desta decisión. A familia será informada, pero non terá parte activa na decisión final.

Só nos casos de flexibilización curricular é necesaria a conformidade dos pais.

**CONCLUÍENDO:** Proporase adaptación curricular nalgún dos seguintes supostos:

- Se esgotaran as medidas ordinarias ou resultaren insuficientes.
- Repetiu curso é mantense o desfase curricular.
- O alumno presenta un desfase curricular moi significativo
- Presenta NEE que lle impiden seguir o desenvolvemento das clases.



## 5. CRITERIOS DE EXCLUSIÓN / REXEITAMENTO

O actual modelo educativo centrado nos procesos de avaliación vinculados ao rendemento e, polo tanto ás cualificacións, busca que cada alumno promocióne e titule en función dos seus resultados nas diferentes probas ou exames realizados durante o seu período educativo.

Estes resultados están vencellados sempre á adquisición dunha serie de contidos educativos presentes no currículo mínimo.

A pesar de que o novo modelo educativo proposto na LOMCE e o seu desenvolvemento normativo avoga porque os Criterios de Avaliación sexan os que definan o modelo didáctico a traballar cos alumnos, e que os estándares de aprendizaxe convértanse nuns factores que determinen os niveis de logro destes criterios, a realidade educativa actual segue medindo a cantidade de contidos que o alumno é capaz de reter.

- *LEI ORGÁNICA 8/2013 de 9 de Decembro, para a millora da calidade educativa*
- *D 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da EP na CAG*
- *ORDE do 20 de Abril /2016 pola que se regula a avaliación da EP na CAG*

Na Educación Primaria as adaptacións curriculares teñen por obxecto ofrecer unha resposta educativa adecuada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, entre os que contamos ao alumnado con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade e trastornos graves de conduta, entre outros.

O marco legislativo que as regula, aínda que sen modificar dende 1995, establece que consisten na adaptación do currículo para responder as necesidades educativas que presenta o alumnado afectado e deberán estar contextualizadas, na medida do posible, ao grupo en que estea escolarizado.

Por tanto, derivado do anterior e adaptado a unha filosofía LOMCE o desenvolvemento dunha adaptación curricular implica aproveitar todas as posibilidades que ofrece o funcionamento do grupo ordinario, no marco dunha escola inclusiva .

- *Orde 6 de Outubro do 1995. DOG 7/11/95*
- *Ley Orgánica del 8 de Diciembre del 2013 para la mejora de la calidad educativa*

*LOMCE*

As adaptacións curriculares individuais **non poderán utilizarse** como soporte de programas de reforzo educativo para o alumnado que non segue o ritmo do seu nivel escolar, debido a diferentes circunstancias persoais non relacionadas coas necesidades educativas especiais (vinculadas a unha discapacidade ou situacións asemelladas). Tampouco, co único obxectivo de dotar ao centro de recursos persoais extraordinarios.

As adaptacións curriculares aplicaranse unicamente cando xa foran utilizadas e resulten insuficientes todas as medidas ordinarias de adecuación do currículo do nivel, programación da área ou materia, reforzo educativo, permanencia dun ano máis nun curso, etc.

Con respecto á etapa de **Educación Infantil** este alumnado está nun proceso eminentemente evolutivo, no que os distintos ritmos son unha manifestación natural dos procesos de maduración e aprendizaxe.

En caso de ser necesario, poderase elaborar un plan de traballo personalizado naqueles ámbitos de experiencia que se precisen. Dado que a **AC é unha medida extraordinaria**, nesta etapa unicamente tramitaranse: a) a solicitude do atraso do inicio da escolarización obrigatoria, que incluírá un plan de traballo personalizado naqueles ámbitos de experiencia que o precisen e b) a solicitude de anticipación do período de escolarización.

- *RD 1630/2006 pola que se establecen ensinanzas mínimas do 2º ciclo de EI.*
- *D330/2009 polo que se establece o currículo da EI na CAG.*

*(Material extraído da presentación de Madalena que segundo nós entendemos, o seu non cumprimento podería ser criterio de exclusión para a aprobación da AC.*

## **¿En qué casos e baixo qué circunstancias pode NON ser autorizada unha AC?**

Unha adaptación curricular poderá NON SER AUTORIZADA cando non cumpra os seguintes criterios:

## A. Na adopción da medida e/ou deseño da mesma

✓ Non deben ser un pretexto para que o alumnado con NEAE promocióne de curso.

✓ Currículo de referencia e currículo adaptado: O currículo de referencia é o que corresponde ao curso no que estea escolarizado o/a alumno/a. Este currículo hai que adaptalo (currículo adaptado) eliminando, modificando ou introducindo elementos do currículo de cursos ou etapas anteriores para dar unha resposta axustada ás necesidades que presenta o alumnado. , polo que o currículo adaptado pode pertencer a cursos ou etapas anteriores.

✓ Para achegarse ao nivel de concreción curricular do/a alumno/a o máis posible, o currículo de referencia debería ser a programación de aula ou, no seu defecto, a programación didáctica da materia obxecto de adaptación curricular. No caso de non estar elaborada ningunha das dúas programacións, o currículo será o establecido no propio decreto de currículo.

✓ O currículo de referencia das áreas ou materias a adaptar na ESO e en EP debe ser o do curso no que o/a alumno/a estea escolarizado, aínda que o currículo adaptado se elabore tendo en conta elementos curriculares de cursos ou incluso etapas anteriores (ou superiores no caso de sobredotación intelectual)

✓ En xeral, o currículo adaptado debe estar referido a un curso, polo menos, inferior ou superior ao curso no que o alumno/a estea escolarizado/a, agás no caso de alumnado con NEE (sensoriais, motóricos...) que pode estar referido ao mesmo curso con eliminación de algúns elementos prescritivos do currículo. No bacharelato ten que estar referido ao mesmo curso no que está escolarizado.

✓ O currículo adaptado das diferentes áreas obxecto de adaptación curricular non ten porque estar referido ao mesmo curso ou nivel en todas as áreas adaptadas.

## **B. No procedemento formal da xestión administrativa para ser emitida á Inspección Educativa:**

- ✓ Realización da avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico (en función dos resultados tomaráse a decisión)
- ✓ Reunión do equipo docente, xefatura DO, xefatura de estudos, profesorado de apoio (PT/AL), na que se tome a decisión de realizar unha adaptación curricular.
- ✓ Acta da reunión.
- ✓ Información á familia.
- ✓ Realización da avaliación psicopedagóxica e informe psicopedagóxico (en función dos resultados se toma a decisión)
- ✓ Elaboración da proposta curricular adaptada das áreas acordadas por parte do profesorado que imparta ditas áreas.
- ✓ Por parte da dirección do centro, envío da adaptación curricular á inspección educativa para a súa autorización.
- ✓ Autorización da inspección educativa.
- ✓ Deberá realizarse no primeiro trimestre do curso, antes da primeira avaliación, para que ao/á alumno/a se lle poida avaliar de acordo co seu currículo individualizado

Para facilitar o seguimento estricto dos requerimentos que a Inspección Educativa soe esixir para a aprobación dunha Adaptación Curricular, no ANEXO II, podemos atopar un modelo orientativo.

## C. Cando é a familia ou un titor/profesor o que rexeita a medida

### ¿Pódese realizar unha adaptación curricular cando a familia está en desacordo?

De acordo co Art. 15 da Orde do 6/10/1995, as familias do alumnado que siga unha adaptación curricular recibirán información pertinente das decisións adoptadas sobre a mesma. No caso de desacordo poderán reclamar perante a dirección do centro, e de persistir na súa desconformidade, perante o servizo de inspección educativa correspondente, que deberá resolver.

É función do titor informar puntualmente á familia e buscar súa colaboración na aplicación de medidas de carácter máis ordinario,. A colaboración familiar é fundamental en todo o proceso. Aínda así cabe a posibilidade de discrepancia de criterio entre o centro educativo e a familia. Por iso a familia debe ser informada polo titor (e, de ser necesario, con apoio do departamento de orientación) da decisión adoptada e da proposta de adaptación elaborada.

De dita reunión, en boa praxis administrativa, convén levantar un acta breve e sinxela na que se explique qué información se lle facilitou á familia. Desda reunión debería saír tamén un documento simple no que o titor manifiesta que, en virtude do acordado na reunión mantida polo equipo docente baixo a coordinación da xefatura de estudos e co asesoramento do departamento de orientación, se decide a procedencia duna adaptación curricular para el alumno.

É moi importante que se faga constar un pe de recurso en dito documento que pode tener unha redacción aproximada á seguinte.

***Así mesmo, informaselle á familia, que no caso de desacordo poderán reclamar perante o director ou directora do centro e, de persistir na súa desconformidade, perante o servizo de inspección correspondente, que deberá resolver, de acordo co establecido no artigo 15 da ORDEN de 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.***

## ¿Qué se pode facer desde o DO cando un docente non acepta a adopción da medida na súa area/materia?

Entendemos que este caso darásese cando os resultados da avaliación psicopedagóxica e/ou o historial académico e/ou clínico amosan evidentes signos da necesidade da medida, pero o docente non concorda con ela ou só a acepta coa expectativa de que o alumno sexa atendido fóra da aula... En calquera caso o punto común sería un estado de negación da necesidade específica por parte do docente.

Se o profesor ten a capacidade de resolver a atención do alumno na aula ordinaria con medidas de reforzo e o apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica, estaríamos ante un modelo axeitado de inclusión educativa.

Se o profesor non ten a capacidade ou a disposición de dar a resposta educativa axeitada ao alumno por sí mesmo na acta de reunión constaría a decisión de NON PROCEDER.

No caso de discrepancia entre as necesidades detectadas na avaliación psicopedagóxica pola xefatura do DO e a opinión do equipo docente, deixarase constancia na acta da reunión preceptiva para a toma de decisións.

## 6. ESTRUCTURA E DURACIÓN DUNHA AC

Ver modelo en ANEXO

### INFORME DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA:

- **Datos persoais:** nome e apelidos, lugar e data de nacemento, etapa e curso de escolarización, currículo de referencia e currículo adaptado, período de tempo para o que se propón a adaptación curricular, ...
- **Datos físicos e de saúde:** características físicas e de saúde, enfermidades padecidas ou crónicas, ...
- **Datos psicosociais:** nivel intelectual e aptitudinal, trazos de personalidade, intereses manifestados, adaptación persoal e social, ...
- **Datos do contorno sociofamiliar:** membros da unidade familiar, expectativas familiares, ...
- **Datos do contorno escolar:** organización do centro e da aula, relación e participación dos distintos servizos educativos, ...
- **Datos pedagóxicos:** competencias xa adquiridas, necesidades educativas, ...

### PROPOSTA DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

#### Áreas curriculares adaptadas:

- ✓ competencias clave,
- ✓ obxectivos concretos para cada materia adaptada,
- ✓ contidos,
- ✓ criterios de avaliación,
- ✓ estándares de aprendizaxe avaliábeis,
- ✓ grao mínimo de consecución dos estándares,
- ✓ metodoloxía,
- ✓ procedementos e instrumentos de avaliación,
- ✓ criterios de cualificación.

**Recursos:** humanos, materiais e organizativos.

**Planificación do seguimento:** data, profesionais que interveñen, valoración do rendemento do/a alumno/a, adecuación dos recursos e da adaptación curricular, ...

**Promoción do/a alumno/a. Anotacións particulares.**

**Profesionais participantes:** dirección, xefatura de estudos, profesorado das materias adaptadas, xefatura DO, profesorado de apoio (PT/AL).

## DOCUMENTACIÓN ANEXA

- Acta da reunión na que se decide a pertinencia da elaboración da AC.
- Constancia da información aos/ás pais/nais.

### ¿Cánto tempo pode durar unha adaptación curricular?

Unha cousa é a temporalización dun programa adaptado concreto a aplicar nunha área ou áreas curriculares e outra cousa é a necesidade desta medida prolongada no tempo.

No primeiro caso estamos a falar da toma de decisión dunha medida que podería ser transitoria, ou polo menos pretende selo.

No segundo caso estamos a falar xeralmente de alumnado afectado de NEE permanentes, no que a previsión da medida é a longo prazo con deseños curriculares adaptados ás súas posibilidades de logro.

A Orde de 6 de outubro del 1995 (Galicia) determinaba unha duración mínima de un ciclo educativo, excepto no 2º ciclo da educación secundaria obligatoria no que poderían desenvolverse sóo nun curso. A razón de ser deste precepto era que a ensinanza primaria e secundaria organizábase en ciclos e los elementos prescriptivos do currículo determinábanse por ciclos (períodos de dous anos en educación primaria e secundaria). Polo tanto as decisións de promoción/repetición debían facerse, con carácter xeral, al final del ciclo, agás no segundo ciclo da ESO. Dado que unha adaptación curricular modifica os elementos prescriptivos, é lóxico que se fixesen para un ciclo pois supoñen unha redacción alternativa a ese currículo oficial.

Isto derivou na idea xeralizada de que as adaptacións curriculares debían ter unha duración mínima de dous anos, que respondía, en esencia á forma pero non ao fondo da norma e deu lugar a numerosos malentendidos.



A adaptación curricular ten, polo tanto, unha duración similar á do currículo prescrito. Se un alumno se atopa matriculado en 3o de Ed. Primaria (LOMCE) a súa adaptación curricular prantexarase para ese curso y será válida en tanto o alumno permaneza nese curso escolar ou non se revise. Se o alumno, por exemplo, repite curso, a adaptación seguirá sendo válida, agás cando no proceso de avaliación da mesma se determinara que ha deixa de selo e se realice unha revisión.

## ¿As AC solicítanse ao inicio do curso e para todo o curso?

Sempre que sexa posible, solicítanse ao inicio do curso escolar logo dos acordos do equipo docente trala avaliación diagnóstica. Con carácter xeral, realízase AC con duración de **1 curso escolar**. Esta duración poderá modificarse:

- no caso de que o alumno/a deba permanecer un ano máis no curso.
- ou non supere a adaptación curricular aínda que promocióne.
- ou que a supere antes de finalizar o curso escolar.

As AC revísarase, polo menos, anualmente, aínda que se recomenda un **seguimento** trimestral. Este seguimento podería realizarse coincidindo con cada avaliación, sen prexuízo de que se realicen **reunións de coordinación** para analizar a marcha da adaptación curricular e introducir, de ser o caso, as modificacións pertinentes.

É fundamental o seguimento continuado do alumno para detectar as necesidades e proceder toma de decisións da aplicación, revisión e/ou cese das medidas no momento oportuno.

## ¿Cándo hai que revisar unha AC?

As adaptacións curriculares revisaránse periódicamente, polo menos unha vez ao final de cada curso. É conveniente, sin embargo, facer tamén un seguimento trimestral

Tal é como establece a lei, as posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos obxectivos e aos criterios de avaliación do ciclo/curso sobre el que se tivera elaborado a adaptación, é dicir, cando haxa un novo curso ou ciclo de referencia (matrícula).

*Se aprobadas a AC do curso quedan obxectivos sen traballar, poderían retomarse cunha ampliación no mesmo curso, se os criterios de promoción quedaron ben establecidos independentemente de que se superen as programacións adaptadas.*

Os alumnos que se atopen matriculados en ensinanzas que manteñen a organización en ciclos, seguirán adaptacións curriculares con idéntica organización.???

## 7. CURRÍCULO DE REFERENCIA / ADAPTADO

O **currículo de referencia** nunha adaptación curricular é o do curso no que está matriculado o alumno/a. (Art 5.2 da orde de 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral).

O **currículo adaptado** é o que se recolle na súa adaptación curricular. O que conecta coa liña de base da alumna/o, **o que se vai traballar**. En bacharelato ten que ser da etapa. É dicir, o nivel de competencia curricular no que situamos a AC en base a situacións e posibilidades que identificamos para cada alumno/a na dita materia.

Este artigo ten unha linguaxe á LOXSE que hai que trasladar á linguaxe LOMCE. Tamén podemos afirmar que se poden introducir elementos curriculares prescritivos doutro curso ou etapa diferente. Os elementos curriculares susceptibles de modificación nunha adaptación curricular son segundo Magdalena Duarte Blanco:

Artigo 6 da Orde de 6/10/1995: “Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, suprimidos, complementados ou ampliados, de ser o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados ou mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados ou mesmo suprimidos”.

A LOMCE e, posteriormente, os Decretos de currículo de primaria e secundaria introducen novos elementos do currículo a ter en conta, entre outros:

As **competencias clave** ou capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e resolución eficaz de problemas complexos; e os **estándares de aprendizaxe avaliáveis** ou especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumando debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado

No ensino básico, pódense introducir modificacións aos elementos reseñados referidos a cursos ou mesmo a etapas diferentes ás que o/a alumno/a estea escolarizada.

Nota: No Anexo III atópanse varios modelos

## ¿Cómo se organiza o contido cando hai NEE? ¿Por ámbitos?

As AC se refiren a áreas ou materias concretas e con frecuencia son necesarias nunhas en tanto que no resto o alumnado pode seguir, sen problemas, o currículo ordinario. Sen embargo cando vemos necesaria unha adaptación curricular en todas (o na práctica totalidade das áreas do currículo) e a adaptación a prantexar se aparta de modo radical do currículo oficial, tal vez non teña demasiado sentido unha adaptación baseada nas materias.

Nestes casos hai que facer unha profunda reflexión que vai máis alá da lexislación e ver qué tipo de enfoque queremos prantexar. Para aquel alumnado que está matriculado en aulas específicas ou en centros de educación especial e que pasa a meirande parte do tempo co seu titor, así como para aquel que estando en clases ordinarias, saca máis partido de enfoques globais e integradores, tal vez unha adaptación por áreas non sexa o prantexamento máis axeitado.

Neste caso pensar en termos de ámbitos de coñecemento pode ser de utilidade. Traballa por ámbitos o alumnado dos PMAR, o alumnado de Formación Básica de FP, o alumnado de Educación Secundaria de Adultos... Parece lóxico pensar que, cando menos, esa organización do currículo, facilita o acceso ao mesmo.

Caso de optar por unha agrupación en ámbitos, é necesario contar coa autorización da Inspección Educativa que, probablemente, esixirá una clarificación de aspectos relevantes da proposta:

- Por qué é necesaria esta organización e qué beneficios aporta.
- Qué lexislación se toma como referente subsidiario.
- Qué ámbitos se elixen e por qué.
- Cómo vai ser a avaliación nos diferentes ámbitos, que responsables van elaborar a proposta de cada ámbito e responsabilizarse da súa impartición.

Este último aspecto é moi importante. Debemos ter claro que se trata da nosa organización operativa para encarar a atención educativa deste alumnado, pero iso non modifica o referente da súa matrícula.

Tamén hai que actuar desde a coherencia. independentemente do caso concreto, os ámbitos socio-linguístico, e o científico-matemático son, en xeral, boa idea. ( Fonte: Preguntas frecuentes das AC. Fátima G. Doval)

## **8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN-PROMOCIÓN DAS AC**

Real Decreto 1105/2014 (BOE do 3-01-2015), polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato: Art.9.4:

As Administracións educativas establecerán as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio humanos e materiais que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais e adaptarán os instrumentos, e no seu caso, os tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado

As Administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con necesidades educativas especiais que as precise.

Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións. En calquera caso os alumnos con adaptacións curriculares significativas deberán superar a avaliación final para poder obter o título correspondente

## Referencias Lexislativas:

→ORDE do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículum nas **ensinanzas de réxime xeral**.

### Artigo 10º.-Avaliación.

1. A avaliación do alumno que siga unha adaptación curricular farase en función dos **critérios de avaliación individualizados establecidos nela**, sen prexuízo de que para efectos de **promoción** o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente (esta última cuestión non se recolle na normativa actual).

2. A adaptación curricular reflectirase como AC (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe ós pais ou responsables legais e no libro de escolaridade do ensino básico, neste consignarase nas páxinas 12 e 13 para a educación primaria e na páxina 19 para a educación secundaria obrigatoria. (NA ACTUALIDADE NON HAI LIBRO DE ESCOLARIDADE.)

### Artigo 11º.-Revisión.

As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ó remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia ós obxectivos e ós criterios de avaliación do ciclo ou curso sobre o que se elaborara a adaptación.

### **As adaptacións curriculares no bacharelato.** Artigo 14º.-Avaliación.

1. A avaliación destes alumnos e alumnas realizarase, con carácter xeral, de acordo co establecido na Orde do 1 de marzo de 1995 pola que se regula a avaliación e a cualificación no bacharelato. Non obstante, a avaliación daqueles alumnos e alumnas con problemas graves de audición, visión ou motricidade para os que non sexa posible a adaptación curricular sen afectar ós obxectivos estará baseada nos obxectivos previstos para eles. Estes obxectivos non poderán, en ningún caso, pertencer a outra etapa. Así mesmo, deberase adaptala duración e as condicións de realización de probas específicas ás características destes estudantes.

2. A adaptación curricular que afecte os obxectivos deberá ser consignada na páxina 20 do libro de cualificacións do bacharelato.

→Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da **educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia**.

Correspóndelle á consellería competente en materia de educación establecer as

condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado.

**Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.**

→**DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.**

A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise.

**Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.** En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

→**ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**

#### **Artigo 7. Avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

1. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

**2. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.**

## ¿Baixo qué condicións un alumno con AC promociona ao curso seguinte?

Os criterios de avaliación son os establecidos no programa adaptado, os de promoción de curso son os mesmos para todo o alumnado, polo que se entende que promociona cando acada os criterios de promoción establecidos no centro con carácter xeral e, no seu defecto, o que contempla a normativa As materias adaptadas que supere no curso non lle quedan pendentes

Avaliación e promoción (art. 10 da Orde do 6/10/95):

- o A avaliación do alumno que siga unha adaptación curricular farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela, *sen prexuízo de que para efectos de promoción o referente sexan sempre os obxectivos establecidos para a etapa correspondente (na normativa actual non).*
- o A adaptación curricular reflectirase como AC (adaptación curricular) no expediente académico do alumno ou alumna, no informe aos pais ou representantes legais e no libro de escolaridade.

Nos decretos de currículo 105/2014 e 86/2015 dispónse:

– Que a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas adaptacións curriculares.

## **Cando un alumno teña aprobada unha adaptación curricular nunha materia que recolle os mínimos do nivel actual de escolarización, ¿ademais de aprobada a adaptación curricular pode considerarse que aproba tamén dita materia?**

Unha adaptación curricular debe elaborarse cando hai un desfase significativo na competencia curricular e non para o currículo do curso no que está escolarizado/a o/a alumno/a.

A cualificación é a da adaptación curricular, pero non aparece no XADE a materia como pendente, senón coa cualificación correspondente e AC.

Na información ás familias aparece a cualificación da adaptación curricular coa indicación AC. Pode engadirse a información complementaria que se considere no apartado de observacións.

### **¿É aconsellable emitir un informe de avaliación diferente para o alumnado con AC?**

Non. O documento de cualificacións é o mesmo para todo o alumnado, coa salvidade das anotacións AC ou RE no caso dos alumnos que teñan recibidas ditas medidas.

Outra cuestión é un informe complementario da evolución do alumno que, a criterio do profesor/titor se lle pode facilitar aos pais, se se considera conveniente, pero non é prescrito.

### **Alumno/a con AC en 1º da ESO promociona a 2º con materias pendentes nas que tiña AC. ¿Considéranse pendentes as materias de 1º e debe presentarse aos exames extraordinarios como o resto do alumnado, ou ao retomarse a súa AC en 2º, se ésta se supera, pode entenderse que xa supera a de 1º?**

Se un/ha alumno/a con AC en 1º da ESO promociona a 2º da ESO de acordo cos criterios de promoción establecidos e ten algunha área con AC pendente de superar de 1º da ESO teríamos que revisar dita AC para valorar:

- o Se se mantén a AC de 1º da ESO nas materias non superadas ou se modifica (se a modificación é significativa deberá ser autorizada pola inspección educativa).
- o Se se realiza unha nova AC nas materias que o/a alumno/a superou en 1º con AC.
- o Igual que calquera outro alumno da ESO con materias pendentes podería presentarse ás probas extraordinarias de setembro das materias que teña sen superar, aínda que non sería obrigatorio. ( Habería que ter previsto en setembro un exame adaptado á súa AC )



**Alumno con AC en Lingua estranxeira 3º da ESO con currículo adaptado de nivel 1º da ESO. Aproba a adaptación curricular. No XADE consta que aproba a materia de 3º da ESO con AC. Que pasa cos cursos pendentes de inglés de 1º e 2º da ESO?, ¿Quedan como pendentes ou aprobados?**

Enténdese que o alumno en cuestión non supera os mínimos de 3º da ESO senón os do seu currículo adaptado (1º da ESO). Neste caso, o alumno levaría a cualificación correspondente en 3º da ESO acompañada de AC en función dos criterios establecidos na AC.

Tamén se lle podería aprobar a materia de 1º da ESO pendente de superar por superar a AC co currículo adaptado deste nivel.

**¿Os cursos que se aproban con AC quedan aprobados?**

Os decretos de currículo de primaria e de secundaria (no caso da ESO) establecen que os criterios de avaliación e os estándares son os establecidos na adaptación curricular. Para a promoción tomaranse como referente os elementos fixados en ditas adaptacións, polo que se supera a AC e promociona de curso, a normativa non contempla que teña que recuperar as áreas superadas con AC aínda que o currículo adaptado estea referido a cursos inferiores.

**Alumno con AC en 2º da ESO con materias pendentes de 1º da ESO. ¿Como se xestionan as pendentes?**

Se un/ha alumno/a escolarizado/a en 2º da ESO ten materias pendentes de 1º da ESO e se lle realiza unha adaptación curricular debemos supoñer que o currículo adaptado da adaptación curricular é de 1º da ESO.

Polo que, cando o/a alumno/a supere a AC tamén debería ter acadados os mínimos de 1º da ESO e podería aprobarse a materia pendente na avaliación final de curso.

**Alumno chega a 3º da ESO con AC (o nivel curricular real é de 6º de EP), ten 18 anos e quere matricularse en EPA. ¿A qué nivel de EPA pode acceder?**

En primeiro lugar, como xefe/a do DO do centro EPA habería que asesorar ao/á alumno/a da conveniencia de proseguir as ensinanzas da ESA nun centro EPA ou valorar se procedería optar por outras ofertas educativas (como FPB).

En segundo lugar, debería analizarse o seu historial académico, ver os cursos e as áreas nas que tivo adaptación curricular e se superou ou non dita AC para ubicar ao/á alumno/a nos módulos da ESA correspondentes.

Debería realizarse tamén unha avaliación psicopedagóxica que axudara na toma de decisións.

## 9. NORMATIVA DE CRITERIOS DE TITULACIÓN DO ALUMNADO CON AC

A información correspondente a este apartado recóllese na seguinte selección de lexislación:

- ❖ *Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo), polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ❖ *Orde 21/12/2007 (DOG 7/1/2008), pola que se regula a avaliación na ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ❖ *Real Decreto 1105/2014 (BOE do 3-01-2015), por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*
- ❖ *Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*

Desglosando cada un dos puntos anteriores atopamos o seguinte:

1. **Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo), polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia**

### **Art. 14 (apartado 4):**

*“Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e a promoción acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; **a avaliación e a promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións**”.*

### **Art. 17.1: Título de graduado en educación secundaria obrigatoria**

*“O alumnado que, ao terminar a educación secundaria obrigatoria, alcanzase as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.”*

2. **Orde 21/12/2007 (DOG 7/1/2008), pola que se regula a avaliación na ESO na Comunidade Autónoma de Galicia**

**Art. 7: Titulación**

*“1. O alumnado que ao terminar a ESO superase todas as materias e alcanzadas as competencias básicas e os obxectivos da etapa obterá o título de graduado en ESO.”*

*“2. Así mesmo, poderá obter o dito título aquel alumnado que, unha vez rematadas as probas extraordinarias as probas extraordinarias, **finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas finalice a etapa con avaliación negativa nunha ou en dúas materias, e excepcionalmente en tres, sempre que o equipo docente que imparte no grupo considere que a natureza e o peso destas no conxunto da etapa non lle impediou alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa competencias básicas e os obxectivos da etapa.**”*

*“8. **As decisións de titulación do alumnado con materias non superadas requirirá o acordo favorable da maioría simple do equipo docente.**”*

**3. Real Decreto 1105/2014 (BOE do 3-01-2015), por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato:**

**Art. 9.4:**

*“Las Administraciones educativas establecerán las condiciones de accesibilidad y diseño universal y los recursos de apoyo humanos y materiales que favorezcan el acceso al currículo del alumnado con necesidades educativas especiales y adaptarán los instrumentos, y en su caso, los tiempos y apoyos que aseguren una correcta evaluación de este alumnado.*

*Las Administraciones educativas, con el fin de facilitar la accesibilidad al currículo, establecerán los procedimientos oportunos cuando sea necesario realizar adaptaciones significativas de los elementos del currículo, a fin de atender al alumnado con necesidades educativas especiales que las precise. Dichas adaptaciones se realizarán buscando el máximo desarrollo posible de las competencias; la evaluación continua y la promoción tomarán como referente los elementos fijados en dichas adaptaciones. **En cualquier caso los alumnos con adaptaciones curriculares significativas deberán superar la evaluación final para poder obtener el título correspondiente.**”*

**4. Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato**

**Art. 23: Título en E.S.O.**

*“1. Para obtener el título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria **será necesaria la superación de la evaluación final, así como una calificación final de dicha etapa igual o superior a 5 puntos sobre 10.** La calificación final de Educación*

*Secundaria Obligatoria se deducirá de la siguiente ponderación:*

*a) con un peso del 70 %, la media de las calificaciones numéricas obtenidas en cada una de las materias cursadas en Educación Secundaria Obligatoria;*

*b) con un peso del 30 %, la nota obtenida en la evaluación final de Educación Secundaria Obligatoria. En caso de que el alumno o alumna haya superado la evaluación por las dos opciones de evaluación final, a que se refiere el artículo 21.1, para la calificación final se tomará la más alta de las que se obtengan teniendo en cuenta la nota obtenida en ambas opciones.*

**En resumo: o alumnado con Adaptación Curricular é avaliado e promociona con respecto á súa AC pero titula con respecto aos criterios xerais. En tanto cumpra ditos criterios: aprobar as asignaturas independentemente de que estean ou non adaptadas E acadar os obxectivos e desenvolvemento de competencias básicas previsto para a etapa (ten que cumprir todos estes criterios) pode titular.**

## ¿Un alumno con AC pode obter o título da ESO?

Unha AC é unha medida extraordinaria. Xeralmente o alumnado que ven recibindo esta medida adoita ser derivado a itinerarios máis acordes coas súas expectativas (FPB, programas formativos...) unha vez esgotadas as posibilidades de rematar con éxito a educación secundaria por vía ordinaria.

Nalgúns centros danse casos de alumnos con AC só nas áreas instrumentais ou só nunha delas... o que suscita dúbidas de titulación. Habería que reflexionar se a AC é a medida conveniente nestes casos, ou se realmente se podería responder ás súas necesidades específicas con outras medidas. En calquera caso, o título conleva a consecución das competencias clave e dos obxectivos da etapa.

A modo de resumen se conclúe que os alumnos con AC ao chegar a 4º curso de E.S.O. no terán opcións de titular ao non ter acadado os obxectivos mínimos, exceptuando aqueles casos nos que a AC se centre nun máximo de dúas materias.

Polo contrario, a experiencia está amosando que os pais que recurren á vía xudicial obteñen a titulación para os seus fillos.

## 10. RESPONSABILIDADES NA ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE AC

<p><b>Do orientador</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Realiza a avaliación psicopedagóxica.</li> <li>● Participa na reunión convocada polo xefe de estudos para determinar a pertinencia da Adaptación.</li> <li>● Asesora no proceso de deseño e desenvolvemento.</li> <li>● É responsable xunto co titor de informar ás familias do resultado da avaliación psicopedagóxica e da proposta da adaptación curricular para dar resposta ás súas necesidades educativas.</li> </ul>
<p><b>Do PT</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Colabora co titor ou profesor/a de área no deseño asesoramento da adaptación curricular.</li> <li>● Participa no desenvolvemento e posta en marcha da adaptación co alumno.</li> <li>● Terá responsabilidade compartida na avaliación do alumno con AC co titor e /ouprofesor de área.</li> </ul>
<p><b>Da Xefatura de Estudos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Coordina a reunión coa persoa titora, profesorado das áreas ou materias obxecto da adaptación e profesionais que participan na avaliación psicopedagóxica, para decidir a pertinencia ou non da adaptación.</li> <li>● Desta reunión levantarase acta co visto e prace do director/a do centro que se adxuntará ao documento de adaptación curricular.</li> </ul>

Do titor/a	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Participa na avaliación psicopedagóxica do alumno.</li> <li>● É o responsable xunto co orientador de informar ás familias da pertinencia da Adaptación Curricular.</li> <li>● Informará por escrito ás familias, trimestralmente, dos resultados da avaliación do alumnado con AC, e incluírá o nivel ao que corresponde a súa adaptación así como das medidas de apoio adoptadas e, no seu caso, a decisión de promoción .</li> </ul>
Do profesor de área	<ul style="list-style-type: none"> <li>● O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor/a de área ou materia coa colaboración do departamento didáctico correspondente tendo en conta a avaliación psicopedagóxica e as indicacións do orientador do centro.</li> </ul>
Da familia	<ul style="list-style-type: none"> <li>● As familias colaborarán no proceso de avaliación psicopedagóxica dos seus fillos e facilitarán os datos relevantes que lle solicite o centro.</li> <li>● Asinará a conformidade ou desacordo coa medida da adaptación curricular. En caso de desacordo poderán reclamar ante o director e de persistir na súa disconformidade ante o Servizo de Inspección Educativa.</li> </ul>
Do/a Director/a	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Visa a acta de reunión da pertinencia da Adaptación Curricular.</li> <li>● Envía a proposta á Inspección Educativa da Adaptación Curricular.</li> </ul>

(\*) Orden 1493/2015, de 22 de Mayo, de la Consejería de Educación, Juventud y Deporte, por la que se regula la evaluación y la promoción de los alumnos con necesidad específica de apoyo educativo, que cursen segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria y Enseñanza Básica Obligatoria, así como la flexibilización de la duración de las enseñanzas de los alumnos con altas capacidades intelectuales en la Comunidad de Madrid

“Una adaptación curricular será significativa cuando la modificación de los elementos del currículo afecte al grado de consecución de los objetivos, los contenidos, los criterios de evaluación y, en su caso, los

estándares de aprendizaje evaluables. Estas adaptaciones se realizarán buscando el máximo desarrollo posible de las capacidades personales, y la consecución de los objetivos establecidos con carácter general para todos los alumnos”.

## **¿Por qué nalgúns casos se pensa que corresponde ao PT ou ao orientador a elaboración da AC e a atención directa do alumno con adaptación curricular?**

O programa adaptado corresponde ao mestre ou profesor que imparte a área coa colaboración do departamento didáctico (en secundaria), así como a aplicación, seguimento e avaliación do alumno, non ao PT, nin ao orientador, que traballarán colaborativamente co profesorado implicado nas materias que se adaptan.

## **¿Poden os centros solicitar determinados datos persoais do alumno sen perxuízo do establecido na Lei de Protección de Datos?**

### **Disposición adicional vixésimo terceira da LOE:**

Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio das súas funcións educativas.

Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ao ambiente familiar e social, a características de condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aquelas outras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos.

## **¿Hai que facilitar copia da AC ás familias?**

Hai que informar en xeral á familia da adaptación curricular. Se o solicita hai que darlle acceso ao documento de adaptación curricular.

O Decreto 229/2011 dispón no artigo 35.2 que as nais, pais ou titores legais do



alumnado deberán ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a Consellería con competencias en materia de educación.

**Se os pais/nais solicitan copia por escrito da adaptación curricular debería facilitárselles, deixando constancia no centro de que se entregou copia.**

## ¿Cales son os dereitos e as obrigas das familias?

- ✓ Como criterio xeral, as familias deben estar informadas de todas as medidas de atención á diversidade que se apliquen cos seus fillos/as menores de idade.
- ✓ No caso das medidas que a normativa expresamente indica que se precisa a autorización dos/das pais/nais (flexibilización da duración do período de escolarización, escolarización, incorporación a un PMAR, incorporación á FPB, etc.) é preciso contar coa autorización por escrito dos/das pais/nais.
- ✓ Nos demais casos, é recomendable que no centro educativo quede constancia de que os/as pais/nais foron,, informados/das.
- ✓ Nos casos de realizar unha avaliación psicopedagóxica ou solicitar a intervención do EOE sería recomendable que quedara constancia escrita de ter informados aos/ás pais/nais
- ✓ Os/as pais/nais e/ou representantes legais do alumnado teñen dereito fundamentalmente a copia dos informes psicopedagóxicos dos seus fillos/as (sentenzas xudiciais, Valedor do Pobo, Axencia Nacional de Protección de Datos e Decreto 229/2011).
- ✓ Sen prexuízo dun desenvolvemento normativo posterior, o Decreto 229/2011, dispón no artigo 35.2 que “As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación”.

Como norma xeral, terán dereito a obter copia do informe psicopedagóxico. Deberano solicitar por escrito no centro educativo e asinar o “recibín” cando se lles fai entrega da copia do informe.

# 11. PROCESO DE ELABORACIÓN E AUTORIZACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

## Fases do proceso de elaboración dunha adaptación curricular (AC)

- **Orde 6 de Outubro de 1995**, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG, Nº 213, 06/10/95) **Artigo 7 e 8**

-- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG, Nº 242, 21/12/2011). **Artigo 33 , 34 e 35**

## 1 > Avaliación diagnóstica.

### *Información á familia/titores legais*

*As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.*

### **Realización da avaliación diagnóstica**

*Para levar a cabo a adaptación curricular en calquera das áreas ou materias do currículo, os centros deberán realizar unha **avaliación diagnóstica** na que se recollerán datos relevantes sobre a situación socio-familiar do alumno/a e o seu proceso de aprendizaxe, aportados tanto polo equipo educativo responsable do alumno/a, como polo orientador/a do centro, si existe, o equipo psicopedagóxico de apoio e calquera profesional que este participando na atención ao mencionado alumno/a.*

*A **avaliación psicopedagóxica** é un proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensino e aprendizaxe. Terá por finalidade identificar as necesidades educativas que poida*

*presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.*

*A avaliación psicopedagóxica é competencia e **responsabilidade da xefatura do Departamento de Orientación**, coa colaboración, de ser o caso, dos equipos de orientación específicos. A súa realización axustarase ao establecido pola consellería con competencias en materia de educación.*

*Os servizos de Orientación deberán deseñar e elaborar os correspondentes protocolos de demanda de avaliación psicopedagóxica. Os procedementos para esa demanda daranse a coñecer á comunidade educativa.*

### **Informe psicopedagóxico**

*Os resultados e conclusións da avaliación psicopedagóxica recolleranse nun **informe psicopedagóxico** no cal deberán figurar a situación evolutiva e educativa da alumna ou alumno, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, o procedemento para a revisión e/ou actualización do informe e cantas outras orientacións se consideren oportunas. Este informe xuntarase á documentación que conforma o expediente escolar da alumna ou alumno.*

*As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informados dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, e terán dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a consellería con competencias en materia de educación.*

## **2 > Toma de decisións sobre a pertinencia da adaptación curricular.-**

*Os centros deberán realizar **una reunión coordinada polo xefes de estudo á que asistirán o titor/a, o profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular e os profesonais que participaron na avaliación diagnóstica.** Na reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, así como de aqueles elementos do currículm que, no seu caso, deberán ser modificados.*

## **3 > Planificación do currículum adaptado.**

*Elaborárase a adaptación a partir do currículum de referencia nas áreas ou*

*materias acordadas.*

#### **4 > Redacción do Documento de adaptación curricular .-**

*Os datos obtidos na avaliación psicopedagóxica se reflectirán nun documento de adaptación curricular no que se consignará, según o modelo do anexo I da Orde do 6 de Outubro, a información relativa a:*

- *Datos persoais do alumno*
- *Datos físicos e de saúde*
- *Datos psicosociais máis relevantes*
- *Datos do entorno familiar*
- *Datos pedagóxicos*
- *Profesionais participantes*

#### **5 > Solicitude e Autorización**

O director/a do centro enviará a **proposta de adaptación curricular ao correspondente servizo provincial de inspección**, que emitirá un informe segundo o anexo II da Orde 6 de Outubro de 1995.

## Fases do proceso de elaboración dunha adaptación curricular (AC)

FASE I	FASE II	FASE III	FASE IV	FASE V
<b>AVALIACIÓN DIAGNÓSTICA</b>	<b>TOMA DE DECISIONS SOBRE A PERTINENCIA DA AC</b>	<b>PLANIFICACIÓN DO CURRÍCULUM ADAPTADO</b>	<b>DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR</b>	<b>SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN</b>
<p>-Recollida de datos (persoais, físicos e de saúde, psicosociais, do entorno escolar e sociofamiliar)</p> <p>-Avaliación do alumno/a</p> <p>-Definición das necesidades educativas</p>	Informe psicopedagóxico	<p>Definición do curriculum do alumno:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- que e cando ensinar</li> <li>- como ensinar</li> <li>-que, como e cando avaliar</li> <li>- recursos materiais e persoais necesarios</li> </ul>	<p>Redacción do Documento de AC, no que se recolleran os datos máis relevantes,, as áreas curriculares adaptadas, as estratexias metodolóxicas e os recursos a empregar, a planificación do seguimento da AC e os profesionais participantes</p>	<p>Envío da proposta de AC ao Servizo de Inspección para solicitar a autorización da mesma</p>

<p>Titor/a , profesorado e profesionais que interveñen no proceso educativo do alumno/a</p> <p>Orientador/a, profesor/a de pedagogía terapéutica, especialista en audición e linguaxe</p> <p>Familia/Titores legais</p>	<p>Xefatura de estudos</p> <p>Profesorado das diferentes áreas</p> <p>Orientador/a e especialistas do Departamento de Orientación</p>	<p>Profesorado das diferentes áreas</p> <p>Coa colaboración dos departamentos didácticos na ESO</p> <p>Orientador/a e profesorado de apoio ás n.e.e (PT , AL)</p>	<p>Titor/a , profesorado e profesionais que interveñen no proceso educativo do alumno/a</p> <p>Familia/Titores legais</p>	<p>Dirección do centro educativo</p> <p>Inspección Educativa</p>

## 12. REXISTRO DA AC EN XADE E EXPEDIENTE ACADÉMICO

ASPECTOS DE AVALIACIÓN E REXISTRO	Referencias legislativas
<p><b>PARA FORMALIZAR UNHA AC PRECISASE A AUTORIZACIÓN DA FAMILIA?</b></p> <p>As familias dos alumnos ou alumnas que sigan algunha adaptación curricular recibirán a información pertinente das decisións adoptadas sobre a mesma. No caso de desacordo poderán reclamar perante o director ou directora do centro e, de persistir na súa disconformidade, perante o servizo de inspección correspondente, que deberá resolver.</p>	<p>Artigo 15 da Orde do 6 de outubro de 1995.</p>
<p><b>CÓMO SE CUALIFICAN AS ÁREAS/ MATERIAS ADAPTADAS?</b></p> <p>Expresaranse nos mesmos termos e utilizarán as mesmas escalas que o establecido nas diferentes ordes que regulan a avaliación dos alumnos nas diferentes etapas educativas.</p> <p>O referente para a avaliación serán os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe fixados nas diferentes áreas no seu documento de AC, que terá que estar autorizado polo SITE.</p>	<p>Artigo 7.2. da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, núm. 110 de 10 de xuño de 2016).</p>
<p><b>EXAMES EXTRAORDINARIOS E AC NA ESO E NO BACHARELATO</b></p> <p>Igual que calquera outro alumno con materias con avaliación negativa podería presentarse ás probas extraordinarias das materias que teña sen superar.</p> <p>As probas de avaliación deberían de estar adaptadas en función dos elementos fixados no seu documento de AC:</p> <p>Na Eso: “Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.</p>	<p>SITE e CONCLUSIÓNS DO SEMINARIO</p> <p>Artigo 21.4 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (ESO)</p>

<p>Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas. “</p>	
<p><b>PROMOCIÓN E AC</b></p> <p>“A avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas súas adaptacións”</p> <p><b>Interpretación:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Que os documentos de AC teñen que fixar os criterios de promoción?</li> <li>2. Que o feito de superar unha materia/área con AC, aínda que o seu currículo adaptado sexa dun curso inferior ao que está escolarizado o alumno, computará como superada para a promoción</li> </ol> <p>Nota: A Orde de avaliación de Ed. Primaria non recolle este aspecto para AC.</p>	<p>Artigo 16.5 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Artigo 9.4 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato.</p>
<p><b>ALUMNADO QUE CURSA UN NIVEL DA ESO CON AC E MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES. COMO SE XESTIONAN AS PENDENTES?</b></p> <p>Se un/ha alumno/a escolarizado/a nun curso da ESO ten materias pendentes dun curso anterior e se lle realiza unha adaptación curricular debemos supoñer que o currículo adaptado da súa AC corresponde ao curso anterior, polo que, cando o/a alumno/a supere a AC tamén debería ter acadados os mínimos do curso anterior e podería aprobarse a materia pendente na avaliación final de curso.</p>	<p>SITE</p>
<p><b>ALUMNO ESCOLARIZADO NUN CURSO 3º DA ESO QUE SE LLE REALIZA UNHA AC CON NIVEL CURRICULAR ( CURRÍCULO ADAPTADO DE 1º da ESO). APROBA A SÚA AC, QUE CURSO APROBA? OS CURSOS ANTERIORES QUEDAN PENDENTES OU APROBADOS?</b></p> <p>Enténdese que o alumno en cuestión non supera os mínimos de 3º da ESO senón os do seu currículo adaptado (1º da ESO).</p> <p>Neste caso, o alumno levaría a cualificación correspondente en 3º da ESO acompañada de AC en función dos criterios establecidos no seu documento individualizado de adaptación curricular.</p> <p>Tamén se lle podería aprobar a materia de 1º da ESO pendente</p>	<p>SITE</p>



<p>por superar a AC co currículo adaptado este nivel.</p>	
<p><b>É NECESARIO REXISTRAR NA DOCUMENTACIÓN ACADÉMICA E DE AVALIACIÓN DO/A ALUMNO/A A EXISTENCIA DUNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR?</b></p> <p>Si, débeselles reflectir as siglas <b>AC</b> nas áreas adaptadas na seguinte documentación: historial académico, expediente académico, informe ás familias, informe individualizados de avaliación e actas de avaliación, de maneira que quede constancia expresa da superación dunha área mediante adaptación curricular.</p> <p>Do mesmo xeito, nos informes de avaliación individualizados de final de cada curso, ciclo e etapa deberase facer consta-lo grao de desenvolvemento daqueles aspectos da avaliación psicopedagóxica máis relacionados coas medidas de adaptación do currículo que se tomasen para determinado alumno ou alumna.</p> <p><i>Parece convinte que en ditos documentos quede reflectido o curso ao que fai referencia o seu currículo adaptado nas diferentes áreas.</i></p>	<p>Artigo 10.2 da Orde do 6 de outubro de 1995.</p> <p>Artigos 13.2. e 14.2 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>De acordo cos artigos 8.3, 9.2, 10.4 e 11.3 que fan referencia ás diferentes etapas educativas: infantil, primaria, secundaria e bacharelato, respectivamente da Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización.</p>
<p><b>QUÉ DOCUMENTOS FORMAN PARTE DO EXPEDIENTE DO/A ALUMNO/A QUE TEÑA FORMALIZADA UNHA AC?</b></p> <p>Ademáis dos establecidos con carácter xeral, os seguintes: informes psicopedagóxicos, dos ditames de escolarización (se é o caso), da flexibilización da escolarización ( se é o caso), das adaptacións curriculares da alumna ou do alumno, especificando a data da resolución pola que se autoriza a medida e o informe de autorización do Servizo de Inspección Educativa e terán carácter confidencial</p>	<p>Artigo 9º da Orde do 6 de outubro de 1995.</p> <p>Artigo 12.3 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, núm. 110 de 10 de xuño de 2016).</p>
<p><b>CÓMO SE REFLECTE A CIRCUNSTANCIA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR NO XADE</b></p> <p>Consta a cualificación do alumno e na columna de medidas de atención á diversidade (lupa)AC, que aparecerá en vermello.</p> <p>O expediente electrónico do alumnado estará constituído, polo menos, polos datos contidos nos documentos oficiais de avaliación.</p> <p><i>Non se especifica que o/a alumno/a ten a materia pendente no caso de que o currículo adaptado se refire a cursos anteriores (Aclaracións do SITE)</i></p>	<p>Artigo 11.5. da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, núm. 110 de 10 de xuño de 2016).</p>

<p><b>CÓMO SE REFLECTE A CIRCUNSTANCIA DE AC NO BOLETÍN DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS?</b></p> <p>No boletín de información ás familias figurará AC nas áreas adaptadas.</p> <p><i>Parece convinte clarexar neste boletín que a cualificación corresponde ao seu currículo adaptado, especificándoo para cada unha das áreas adaptadas. Igualmente poden incluírse nas observacións unha valoración cualitativa do progreso do/da alumno/a... (SITE)</i></p>	<p>Artigo 10.2 da Orde do 6 de outubro de 1995.</p>
<p><b>QUÉ DOCUMENTOS SE ENVÍAN AO NOVO CENTRO NO CASO DE TRASLADO DESTES ALUMNOS?</b></p> <p>Previa petición do centro de destino: informe individualizado de avaliación no que se incluírán todas as avaliacións psicopedagóxicas realizadas para o seguimento do seu proceso educativo, documentos individualizados de adaptación curricular, o informe ao remate da educación primaria e o informe individualizado extraordinario de avaliación, cando o traslado se produza sen ter concluído o curso.</p>	<p>Artigo 12.3, artigo 14.3 e artigo 15.2 da Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p><b>Faltan por publicar as Ordes de avaliación de ESO e Bacharelato</b></p>
<p><b>PÓDESE ACADAR A TITULACIÓN A TRAVÉS DAS ADAPTACIÓNS CURRICULARES?</b></p> <p>En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final (*) para poder obter o título correspondente.</p> <p>(*) Neste intre en suspenso, polo que podemos contemplar a normativa anterior que fai referencia a:</p> <p>Se ao finalizar a ESO o alumno ou alumna ten acadados en termos globais, os obxectivos establecidos para esta etapa, proporáselle para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.</p> <p>Considerarase que o/a alumno/a conseguiu, en termos globais os obxectivos, as competencias clave e os estándares de aprendizaxe cando, a xuízo do equipo docente, teña acadadas as capacidades que lle permitan continuar os seus estudos, con garantía de aproveitamento, nalgunha das modalidades de bacharelato ou en formación profesional específica de grao medio.</p> <p><i>Isto quere dicir que só poderán acadar o título aqueles alumnos que teñan como currículo adaptado da súa AC o currículo da ESO.</i></p>	<p>Artigo 7.4. do Decreto do 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Artigo 24.4 e 37.4, que fan referencia á ESO e bacharelato do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>Artigo 31.4 da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Este artigo fai referencia á ESO.</p> <p>(*) Neste intre en suspenso polo Artigo 1. Disposición adicional quinta. 2 pola que se modifica a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro.. “Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de deciembre, para la mejora de la calidad educativa.” (BOE 10 de deciembre de 2016)</p>

Nota os apartados que constan da Orde do 6 de Outubro de 1995 non están derogados., agás o capítulo II artigo 10.

## ¿Dónde se reflicte a adaptación curricular?

No XADE, no expediente académico, no informe ás familias, nas actas de avaliación final e no historial académico.

A materia adaptada ten que identificarse coas siglas AC ( adaptación curricular)  
Do memo xeito os reforzos educativos aparecen reflectidos coas siglas RE.

O informe ás familias é o mesmo que para o resto do alumnado. Nos documentos de avaliación e no informe ás familias poden incluírse as observacións que se consideren (curso ou nivel do currículo adaptado, progresos do/a alumno/a, ...).

## ¿Pódense consultar todas as anotacións feitas polo profesorado ao longo do expediente académico do alumno?

Sí. Cos permisos oportunos de acceso. Polo tanto, é conveniente que o profesorado facilite e faga constar na aplicación toda a información relevante para facilitar a continuidade das medidas educativas.

## ¿Cando un alumno supera unha AC baseada en niveis inferiores, donde queda constancia?

Esta é una cuestión non resolta que habería que aclarar. Se un alumno en 1º de ESO supera un área adaptada de nivel de 5º de Primaria, a aplicación non permite acceder a cursos anteriores e modificar a cualificación. Realmente tampoco sería conveniente.

Polo tanto, no momento da superación da materia, habería que facelo constar de xeito claro e conciso para facilitar a comprensión do historial do alumno.

Suxerimos que aplicación podería introducir melloras que axuden neste aspecto.

## ANEXO I.

### MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

#### Medidas Ordinarias:

MEDIDAS	NORMATIVA	DESTINATARIOS
Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	LOMCE, 8/2013 de 9 de decembro.	EI EP ESO Bacharelato FP
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	LOMCE, 8/2013 de 9 de decembro	EI EP ESO Bacharelato FP
Materias optativas	LOMCE:  Real Decreto 110/2014 de 26 de decembro polo que se establece o currículo básico da ESO e de Bacharelato (BOE 3/1/2015)  Decreto 86/2015 do 25 de xuño  Resolución do 15 de xullo de 2016 con instrucións para a implantación da ESO e do Bacharelato durante o curso 2016/2017	3º e 4º ESO 1º- 2º BACH
Acción titorial	LOMCE, 8/2013 de 9 de decembro	EI EP ESO Bacharelato FP
Permanencia dun ano máis	Orde de 9 de xuño de 2016 pola que	EP

nun curso.	<p>se regula a avaliación e promoción do alumnado de EP</p> <p>Real Decreto 110/2014 de 26 de decembro polo que se establece o currículo básico da ESO e de Bacharelato (BOE 3/1/2015)</p> <p>Decreto 86/2015 do 25 de xuño</p> <p>Resolución do 15 de xullo de 2016 con instrucións para a implantación da ESO e do Bacharelato durante o curso 2016/2017</p>	<p>ESO</p> <p>Bacharelato</p>
Desdobramentos de grupos		<p>EP</p> <p>Educación Secundaria Obligatoria</p>
Reforzo educativo	<p>Orde 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995)</p>	<p>EP</p> <p>Educación Secundaria Obligatoria</p>
Programas de enriquecemento curricular	<p>Orde 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con nee asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.</p>	<p>EI</p> <p>EP</p> <p>ESO</p> <p>BACHARELATO</p>
Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	<p>Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, polas que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO (instrución 5ª A.1)</p>	<p>Alumnado de 1º e 2º de ESO.</p>
Exención de 2ª Lingua Estranxeira na ESO	<p>Decreto 86/2015 do 25 de xuño</p> <p>Resolución do 15 de xullo de 2016 con instrucións para a implantación da ESO e do Bacharelato durante o curso 2016/2017</p>	<p>Alumnado de 1º e 2º de ESO</p>
Programas de recuperación	<p>Circular 8/2009 ... (instrución 5ª</p>	<p>Alumnos de 2º curso de ESO</p>

	A.2)	
Programas específicos personalizados	Circular 8/2009 ... (instrucción 5ª B.1)	Alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º e 4º curso de ESO.
Programas de habilidades sociais	Circular 8/2009 ... (instrucción 8ª )	Educación Secundaria Obrigatoria
Avaliación inicial	Orde de 5 de xullo de 2001 de desenvolvemento, avaliación e acreditación na FP ( artigo 28)	FP

### Medidas extraordinarias

MEDIDA	NORMATIVA	DESTINATARIOS
Adaptacións curriculares	Orde 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG 7/11/1995)	ESO
Agrupamentos flexibles	Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. (DOG 30/01/2003)	ESO
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.	Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG 30/01/2003)	ESO
Integración de materias en ámbitos de coñecemento	Decreto 86/2015 do 25 de xuño Resolución do 15 de xullo de 2016 con instrucións para a implantación da ESO e do Bacharelato durante o curso 2016/2017	1º ESO
Flexibilización da duración do período de escolarización.	Orde do 27 de decembro de 2002 (DOG 30/01/2003) Art. 27º, 30º,31º Orde de 12 de xullo de 2011(capitulo	ESO

	4) FP	
Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento	LOMCE, artigo 27 Decreto 86/2015 do 25 de xuño Resolución do 15 de xullo de 2016 con instrucións para a implantación da ESO e do Bacharelato durante o curso 2016/2017	2º e 3º ESO
Atención educativa ao alumnado que non asiste continuamente ao centro educativo.	Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade...	ESO
Grupos de adquisición das linguas	Orde do 20 de febreiro de 2004, pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG 26/02/2004)	ESO
Grupos de adaptación da competencia curricular.	Orde do 20 de febreiro de 2004 ... (DOG 26/02/2004)	ESO
Escolarización combinada	Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade	ESO

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do Departamento de Orientación.

## **ANEXO II.**

### **AC NAS ETAPAS EDUCATIVAS**

#### **A. As adaptacións curriculares no Ensino Obrigatorio**

##### **AC EN PRIMARIA**

ACS en EP: A LOMCE contempla a organización por cursos, polo que non se poderán realizar AC por ciclos, senón por cursos en toda a etapa de Primaria a partir do curso 2015-2016.

Artigo 14.3 do RD 126/2014 (currículo de EP):

- As Administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con NEE que as precise.
- Ditas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave ; a avaliación continua e a promoción tomarán como referentes os elementos fixados en ditas adaptacións.

Decreto 105/2014 (currículo de EP). Artigo 16.5:

- Correspóndelle á Consellería establecer as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con NEE, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado.
- Estas adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.



– Orde do 9 de xuño de 2016 (avaliación en EP):

- Art. 7.1: A avaliación do alumnado con NEAE tomará como referencia os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

Art. 6.1 da Orde do 9 de xuño de 2016 de avaliación de EP (DOG do 10 de xuño):

- Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado.
- A decisión será tomada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

– Art. 6.2 da Orde do 9 de xuño de 2016:

- O alumno ou a alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

– Art. 7.2 da Orde do 9 de xuño de 2016:

- Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos na dita adaptación.

– Art. 16.5 do Decreto 105/2014:

- ... a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.

Cando un/ha alumno/a supere a AC nalgunha materia e continúe con algunha AC sen superar:

- Haberá que valorar se procede realizar unha nova AC nas **materias** superadas ou se pode integrar co grupo ordinario con medidas de reforzo (ou ampliación).
  - No caso das materias con AC non superadas hai que valorar se continúa vixente ou procede algunha modificación.
  - No caso de que a modificación da AC nas materias non superadas sexa significativa precísase nova autorización da inspección educativa.
- O alumnado con AC promocionará ao curso seguinte de acordo cos elementos establecidos na propia AC.

## ACS NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

No vixente currículo da ESO LOMCE na CAG, establece que as ACS realízanse procurando o máximo desenvolvemento posible das Competencias, a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións (parágrafo 2º do artigo 7.4 do DEC 86/2015...)

### **Art. 9.4 do RD 1105/2014:**

As Administracións educativas establecerán as condicións de accesibilidade e deseño universal e os recursos de apoio humanos e materiais que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con NEE e adaptarán os instrumentos, e no seu caso, os tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.

As Administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, a fin de atender ao alumnado con NEE que as precise.

Ditas adaptacións realízanse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados en ditas adaptacións.

### **Art. 16 do RD 1105/2014:**

Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e a organización flexible das ensinanzas na ESO:

1. Corresponde ás Administracións educativas regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas.

2. Entre as medidas indicadas no apartado anterior contempláranse as adaptacións do currículo, a integración de materias en ámbitos, os agrupamentos flexibles, o apoio en grupos ordinarios, os desdobrementos de grupos, a oferta de materias específicas, os Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento e outros programas de tratamento personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### Decreto 86/2015:

- No artigo 7.2 do D 86/2015, 25 XUÑO, relativo ao alumnado NEAE, establece nos mesmos termos que o referido art 79.bis da LOMCE, “ que a escolarización do alumnado con NEAE rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no Sistema Educativo “
- Artigo 7.4: A Consellería, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo, coa finalidade de atender o alumnado con NEE que as precise.
- No art 8.3 do Decreto de SECUNDARIA , establece como principios xerais:
  - a. A ESO organizase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade
  - b. As MAD nesta etapa están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da ESO e a adquisición das Competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente
- Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.
- Artigo 21.4: Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

### Artigo 23 do Decreto 86/2015. Promoción na ESO:

Os/as alumnos/as terán **promoción de curso** no caso de superaren todas as materias cursadas ou teren avaliación negativa en dúas materias como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.

De **forma excepcional**, poderá autorizarse a promoción dun/ha alumno/a con **avaliación negativa en tres materias cando se dean conxuntamente as seguintes condicións:**

- a) Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non lle impide ao/á alumno/a seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.
- c) Que se lle apliquen ao/á alumno/a as medidas de atención educativa propostas no consello orientador ao que se refire o apartado 7 deste artigo.

Art, 24 do Decreto 86/2015: Titulación na ESO:

Para obter o título de graduado en ESO cumprirá a superación da avaliación final, así como unha cualificación final desta etapa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

A cualificación final da educación secundaria obrigatoria deducirase da seguinte ponderación:

- a) Cun peso do 70 %, a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas en educación secundaria obrigatoria.
- b) Cun peso do 30 %, a nota obtida na avaliación final da educación secundaria obrigatoria. En caso de que o alumno ou a alumna superasen a avaliación polas dúas opcións de avaliación final a que se refire o artigo 22.1, para a cualificación final tomarase a máis alta das que se obteñan, tendo en conta a nota obtida en ambas as opcións.

– Real Decreto-lei 5/2016:

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación regulada no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, será considerada mostral e terá finalidade diagnóstica [...]. Esta avaliación carecerá de efectos académicos.

Os títulos de graduado en ESO obtidos ata a finalización do período transitorio permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas na LOE.

En calquera caso, o alumnado con ACS deberá superar as competencias básicas da etapa para poder obter o título correspondente pola opción de ensinanzas académicas ou aplicadas

## B. As adaptacións no Ensino Non Obrigatorio

### ED.INFANTIL

ACS en EI: O Decreto 330/ 2009, polo que establece o currículo de EI na CAG, no Art 9 refírese á atención á diversidade, pero non fai mención expresa ás adaptacións curriculares significativas en EI

Atención á diversidade en Educación Infantil:

1. A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.
2. A Consellería de CEOU establecerá os procedementos que permitan identificar aquelas características que poidan ter incidencia na evolución escolar das nenas e dos nenos coa finalidade de dar a resposta educativa axeitada para a atención á diversidade.
3. Os centros adoptarán as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente NEAE.
4. Os centros atenderán as nenas e os nenos que presenten NEE buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.
5. Terase en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa.

– Flexibilización da duración do período de escolarización (Art. 9 Decreto 229/2011 e art. 26 da Orde do 27/12/2002):

O alumnado con NEE poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario, para o que será necesaria a autorización da Consellería.

– Procedemento para solicitar a flexibilización (Art. 30 da Orde do 27/12/2002):

- o A dirección do centro presentará a solicitude correspondente

acompañada da seguinte documentación (actualmente realízase a través da aplicación: edu.xunta.es/aneae):

- Informe que xustifique a medida elaborado polos servizos de orientación.
- Conformidade dos pais, nais ou titores legais do/a alumno/a.
- Fotocopia compulsada do libro de escolaridade, se procede, ou da certificación académica.

o Proposta de adaptación curricular.

En consecuencia, para o alumnado que flexibilice a duración do período de escolarización en EI realízase unha proposta de AC para enviar coa documentación á Consellería para a súa autorización.

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS**

### **¿Poden realizarse adaptacións curriculares na ESPA?**

O art. 2 da Orde do 24/6/2008, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo en Galicia dispón:

No marco do plan mencionado no punto anterior [plan de orientación e PAT], consideraranse os seguintes aspectos específicos referidos a estas ensinanzas:

- a) A orientación académica e profesional axeitada que permita ao alumnado adulto a elaboración dun proxecto persoal realista e axustado aos seus intereses, aptitudes e necesidades.
- b) A axuda individualizada na adopción de hábitos e estratexias apropiadas para o estudo e a organización do traballo, de acordo coas características singulares da súa situación persoal.
- c) A disposición de medidas de atención á diversidade que poida requirir o alumnado adulto co fin de facilitar o seu desenvolvemento óptimo e, se é o caso, a adaptación do currículo establecido na etapa e módulo correspondente.

Do exposto anteriormente, podemos deducir que na ESA se poderían aplicar medidas de adaptación do currículo sempre que haxa expectativas de obter o título. Por outra parte, poderían dispoñer do Mestre de Pedagogía Terapéutica para facer reforzo

educativo.

## BACHARELATO

Partimos da base de que o alumnado que accede ao bacharelato xa ten o título de graduado en ESO.

- Aínda que a normativa non o prohíbe, na práctica educativa non se realizan, con carácter xeral, adaptacións curriculares no bacharelato.
- O máis común é que no bacharelato se desenvolvan medidas de acceso ao currículo ou adecuacións dos elementos curriculares (metodoloxía, temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación, ...), así como medidas de flexibilización.

Na práctica educativa non se realizan ACS con carácter xeral, anda que si se desenvolven medidas de acceso ó curriculum ou adaptacións, por exemplo, na metodoloxía, temporalización ou nos instrumentos de avaliación.

En casos de discapacidade funcionais poderánse eliminar partes concretas de determinadas materias (ex, discapacidade visual, etc)

### **Artigo 33 do Decreto 86/2015. Avaliacións:**

1. Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das materias dos bloques de materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III a este decreto.
2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo; estas adaptacións non se terán en conta en ningún caso para minorar as cualificacións obtidas.

## ¿Pódense deseñar adaptacións do currículo en BACH para alumnado NEAE derivadas de discapacidades funcionais?

Para alumnado con NEE derivadas de discapacidades sensoriais ou físicas pode ser necesario desenvolver algunha adaptación curricular.

– A Orde do 6 de outubro de 1995 contempla no artigo 13 a posibilidade de que se poidan realizar adaptacións curriculares no bacharelato.

– A Orde do 6 de outubro de 1995 dispón no artigo 14 (referido á avaliación das adaptacións curriculares no bacharelato):

- A avaliación do alumnado con problemas graves de audición, visión ou motricidade para os que non sexa posible a adaptación curricular sen afectar aos obxectivos estará baseada nos obxectivos previstos para eles.
- Estes obxectivos non poderán, en ningún caso, pertencer a outra etapa.
- Así mesmo, deberase adaptar a duración e as condicións de realización de probas específicas ás características destes estudantes.

Casos especiais: ACS no caso de alumnos cunha deficiencia auditiva ou visual importante. Dita adaptación pode consistir na eliminación dalgún bloque de contidos e a reformulación dos referentes de avaliación na lingua estranxeira, que o alumno non podería adquirir por mor das súas dificultades. Adaptación aprobada pola inspección educativa.

En xeral, no caso de alumnos con deficiencias auditivas ou visuais importantes, motores... si pode ser necesario realizar adaptacións nos elementos prescritivos do currículo.

Na orde 6-10-95 consta que a avaliación daqueles alumnos e alumnas con problemas graves de audición, visión ou motricidade para os que non sexa posible a adaptación curricular sen afectar ós obxectivos estará baseada nos obxectivos previstos para eles. En ningún caso, estes obxectivos non poderán, en ningún caso, pertencer a outra etapa. Deberase adapta-la duración e as condicións de realización ás características destes estudantes.



2-En todo caso, a Orde do 6-10-1995 (DOG do 7 de novembro), pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral contempla no artigo 13 a posibilidade de que se poidan realizar ACS no bacharelato.

3-O artigo 13 do Decreto 126/2008, do 19 xuño ( DOG 23 de xuño) , polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na CCAA de Galicia non fai referencia ás AC, senón que no punto 5 indica : se no proceso de avaliación continua se advertise que un alumno/a non progresa adecuadamente, o Centro Educativo, tan pronto como detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará medidas de reforzo educativo coa finalidade de que o alumnado adquira as aprendizaxes necesarias para continuar satisfactoriamente os seus estudos .

## UNIVERSIDADE E PROBAS DE ACCESO

Art. 8.4 da Orde ECD/1941/2016, do 22 de decembro, referida ás probas de acceso á universidade:

- A avaliación do alumnado con NEE derivadas de discapacidade tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas para el mesmo ao longo da etapa.
- Particularmente, contemplaranse as medidas de flexibilización e metodolóxicas na avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para os casos do alumnado con discapacidade auditiva, alumnado con dificultades na súa expresión oral e/ou con trastornos da fala.
- Estas adaptacións en ningún caso se terán en con para minorar as cualificacións obtidas.

As universidades están a implementar programas adaptados para alumnado. Non tanto no referido aos contidos pero si no acceso aos mesmos e modificacións na avaliación, especialmente para alumnado con discapacidade funcional e TDAH.

## FORMACIÓN PROFESIONAL

O D114/2010, (DOG do 12 de xullo ) polo que se establece a ordenación xeral da FP do Sistema educativo de Galicia, refírese no capítulo XV ó alumnado con NEES, indicando no artigo 61 a FLEXIBILIZACIÓN MODULAR NOS CICLOS FORMATIVOS: “o alumnado con NEES poder ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifican,

para cursar os CF en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta establecida con carácter xeral“

O citado D 114/ 2010 tamén contempla no art 26 a Formación Profesional (adaptada) para determinados colectivos: “A Consellería con competencias en materia de educación poderá realizar ofertas formativas dirixidas a persoas discapacitadas, xente nova con fracaso escolar, persoas con exclusión social e outros colectivos específicos. As devanditas ofertas, ademáis de incluír módulos asociados ó CNCF (catálogo nacional de cualificación profesional), poderán incorporar módulos apropiados para a adaptación ás necesidades específicas do colectivo beneficiario.

Artigo 61º.-Flexibilización modular de ciclos formativos:

O alumnado con NEE poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Artigo 62º.-Accesibilidade universal ás ensinanzas de formación profesional:

1. A Consellería garantirá que o alumnado poida acceder e cursar as ensinanzas de FP nas condicións establecidas na disposición derradeira décima da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

2. As programacións que desenvolvan o currículo das ensinanzas de FP deberán ter en conta o principio de «deseño para todos». Para tal efecto, recollerán as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.

3. En calquera caso, estas medidas non poderán afectar de forma significativa a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

Orde do 15 de xuño de 2016 (DOG do 27 de xuño), acceso e admisión a FP:

Artigo 3º: Do total de prazas que se ofrecen, reservarase un 10 % para persoas que teñan legalmente recoñecida unha discapacidade maior ou igual a 33 %.

Artigo 18º: O alumnado que optase a prazas reservadas para persoas con discapacidade asistirá a unha reunión individual convocada polo DO do centro educativo que solicitase en 1ª opción.

- Será obrigatorio aportar o certificado de discapacidade e o ditame técnico facultativo, así como a documentación que se considere oportuna.
- Ofrecerase información sobre o currículo das ensinanzas solicitadas, en particular sobre as dificultades que, como consecuencia da discapacidade, poidan aparecer para a adquisición dos resultados de aprendizaxe do ciclo.
- O DO emitirá un informe, que proporcionará á persoa solicitante, no cal constará unha orientación específica e se incluírá unha proposta razoada de escolarización en función das necesidades da persoa solicitante que, de ser o caso, poderá modificar a súa solicitude.
- De ser necesario poderase contar coa axuda do EOE da provincia.
- Poderanse solicitar informes dos membros da inspección médica de cada xefatura territorial para valorar as solicitudes do alumnado con discapacidade e as posibles limitacións para poderen cursar con aproveitamento as ensinanzas, co obxecto de garantir a eficacia da formación e do posterior exercicio das competencias profesionais inherentes ao título.

Artigo 16. da A Orde do 17/07/2011: Procedemento de solicitude e autorización de flexibilización modular.

1. Logo de comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo DO do centro en colaboración co profesor ou a profesora que exerzan a titoría.
- b) Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da titoría legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
- d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou á xefa territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.

3. Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderáselle requirir ao EOE, a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

Artigo 17. Prazos no procedemento de flexibilización.

O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización perante o Servizo Territorial de Inspección Educativa será ata o 31 de outubro de cada curso académico.

A resolución da autorización da flexibilización comunicaráselle ao centro no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesada.

No bacharelato e na FP, na práctica, realízanse medidas de atención á diversidade, acceso ó currículo ou reforzos educativos que afectan ós elementos non prescristivo do currículo, polo tanto, non son AC propiamente ditas.

### **¿Qué decisión convén tomar cando un alumno con NEE solicita un ciclo con mínimas posibilidades de afrontar exitosamente ou cando, xa matriculado, manifesta claras dificultades e as expectativas de titulación son escasas?**

No primeiro caso redactar un dictame de FP claro e conciso, par evitar a frustración das expectativas a posteriori. De ser o caso pode ser recomendable solicitar ao EOE un informe complementario. Destacar que, tratándose dun alumno con discapacidade, o equipo específico non actuará se non hai conformidade por parte da familia.

## **FP BÁSICA**

Nos ciclos de FPB non hai AC, nin nos módulos asociados aos bloques comúns, si hai adaptación do currículo e medidas de atención á diversidade. Pode haber flexibilizacións. En todo caso hai que garantir o principio/dereito de accesibilidade universal nas mesmas condicións que na FP de grao medio ou superior ou doutros programas de FP, polo que nos módulos específicos de FPB debe terse en conta, xa desde a programación didáctica pero tamén á hora de aplicar os procedementos e instrumentos de avaliación adaptados.

Artigo 16. da A Orde do 17/07/2011: Procedemento de solicitude e autorización de flexibilización modular.

1. Logo de comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección do centro presentará a oportuna solicitude no servizo territorial de inspección educativa correspondente para que se emita informe ao respecto. Á solicitude deberáselle xuntar a seguinte documentación:

- a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo DO do centro en colaboración co profesor ou a profesora que exerzan a titoría.
- b) Conformidade expresa do pai e da nai, ou de quen dispoña da titoría legal do alumno ou da alumna, en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.
- c) Fotocopia compulsada do expediente académico.
- d) Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou á xefa territorial, a quen corresponderá a autorización ou a denegación da flexibilización.

3. Por iniciativa do Servizo Territorial de Inspección Educativa, poderáselle requirir ao EOE, a elaboración dun informe complementario que motive a resolución.

Artigo 17. Prazos no procedemento de flexibilización.

O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización perante o Servizo Territorial de Inspección Educativa será ata o 31 de outubro de cada curso académico.

A resolución da autorización da flexibilización comunicaráselle ao centro no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da súa recepción, para a súa comunicación á persoa interesada.

Nos ciclos formativos de FPB (Orde do 13 de xullo de 2015):

Artigo 27. Escolarización:

O alumnado con NEE que curse un ciclo formativo de FPB incorporaráse, con carácter xeral, co resto do alumnado.

Artigo 28. Flexibilización modular:

Cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico:

- a) Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral.
- b) Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.

Nos programas formativos de FPB (Orde do 13 de xullo de 2015):

Artigo 29: Programas formativos de FPB:

Nos módulos asociados aos bloques comúns poderanse establecer as **adaptacións curriculares necesarias** para atender as necesidades educativas dun alumno ou dunha alumna.

O alumnado matriculado nun programa formativo e que non o supere poderá repetir o programa unha soa vez.

Para este alumnado tamén é de aplicación a medida de flexibilización modular.

O artigo 20º da Orde do 5 agosto de 2014 pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FPB en 2014/15 (DOG do 13 de agosto) establece nos puntos 8 e 9 o seguinte, para os programas de FPB :

- 1) Ao alumnado matriculado en programas formativos seralle de aplicación a flexibilización modular regulada no artigo 19
- 2) Nos módulos asociados aos bloques común poderanse establecer as adaptacións curriculares necesarias para atender as necesidades educativas dun alumno/a.

As AC tal e como as desenvolvesmos na ESO, non estan contempladas, o que si se contempla son programas formativos de PFB, específicos para alumnado con NEAE.

Algunhas aclaracións ao respecto de posibles traslados de matricula en FPB e/ou retornos que se solicitan despois para regresar á ESO por diversas causas, etc

- O criterio actual da Consellería é que non está previsto nin se contempla o retorno do alumnado de FPB á ESO
- Tamén é necesario clarificar determinadas cuestións sobre posibles traslados de matricula En todo caso, os traslados de matricula están previstos no punto 2 do artigo 13º da Orde do 5 de agosto de 2014 polo que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de FPB no curso académico 2014/15 (DOG 13 de agosto) coa seguinte indicación

“ 2 Os traslados de matricula na FPB rexeranse polo capítulo V da Orde do 12 de xullo de 2011”

(REF norm escolariz FPB pdf)

## ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

Adaptacións do currículo para o alumnado que cursa simultaneamente ensinanzas profesionais de música e danza e ensinanzas de réxime xeral:

Artigo 10º da Orde do 7 de xullo de 2010 (DOG do 15 de xullo):

1. O alumnado matriculado na ESO e nas ensinanzas profesionais de música ou de danza, que non obteña as validacións establecidas no art. 2º, poderá ser obxecto de adaptacións do currículo da materia de música que consistirán en medidas de ampliación. Estas adaptacións realizaranse no centro en que cursen os estudos de ESO.

2. Igualmente, o alumnado matriculado na ESO e nas ensinanzas profesionais de música ou de danza, poderá ser obxecto de adaptacións do currículo da materia de educación física. Estas adaptacións deberán estar dirixidas a potenciar e reservar a parte anatómica relacionada co instrumento e coa práctica da danza que o alumno ou a alumna estea a cursar.

3. Estas adaptacións serán aplicadas polos/as directores/as dos centros que impartan a ESO, a través do titor ou titora de curso, por petición dos/as pais/nais ou tutores/as legais do/a alumno/a, á vista do certificado académico expedido polo correspondente conservatorio de música ou de danza ou centro autorizado, en que se acredite a matriculación nas ensinanzas profesionais de música ou de danza. Para elaborar estas adaptacións non será necesaria a avaliación psicopedagóxica do alumnado nin cubrir anexo da Orde do 6/10/95.

En conclusión, con carácter xeral e fundamentalmente, na educación básica obrigatoria (primaria e ESO).

A Orde do 6/10/95 tamén as contempla en educación infantil, bacharelato e formación profesional, aínda que en realidade non se realizan practicamente.

– No caso das adaptacións curriculares en educación infantil realízanse propostas, especialmente, para o caso de flexibilizacións da duración do período de escolarización.

– Non se contemplan as adaptacións curriculares nos ciclos de formación profesional

básica (FPB), pero poden realizarse nos programas de FPB impartidos nos centros de educación especial.

Adaptacións para o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial:

Artigo 4.5 do Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola LOE (BOE 4/01/2007):

O deseño, a administración e a avaliación das probas para a obtención dos certificados [dos niveis intermedio e avanzado] por parte do alumnado con discapacidade basearase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes.

Os procedementos de avaliación conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais deste alumnado.

Art. 3.2.2. da Circular 1/2016 da Dirección Xeral de EFPIE:

No caso de discapacidade deberase achegar a documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o formulario facilitado pola EOI (Anexo IX da Orde do 8 de setembro de 2008). A EOI poñerá esta circunstancia en coñecemento dos EOE dependentes da Xefatura Territorial respectiva para que se determinen as adaptacións pertinentes, tendo en conta as medidas recollidas no Anexo VI da Resolución do 10 de maio de 2012 pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación e de clasificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Resolución do 17.12.2014.



## ANEXO III. MODELOS

### Modelo AC. Cedido por Magdalena Duarte

AREA	LINGUA CASTELA E LITERATURA	CURSO	CONTIDOS MENINOS	Competencias clave
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b B3.10. Dirección de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios, Anuncios, Cómics.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas de seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LC3.5.1. Elaborar gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LC3.5.1. Elaborar gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a B3.11. Uso da linguaxe non discriminadora e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LC3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LC3.6.1. Exprésase por escrito utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e B3.12. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LC3.7.1. Use con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear taboas</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

## MODELO DE UNIDADE DIDÁCTICA ADAPTADA

Santiago Moll: "Justifica tu rerespuesta"

Mostra dunha mesma proba. Todos os alumnos parten da mesma fotografía:



PROBA 1. PROBA ORDINARIA.

**1. A partir de esta fotografía representa el esquema de los elementos de la comunicación que intervienen en este acto comunicativo y explícalos brevemente:**

- \_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_ : \_\_\_\_\_

PROBA 2. REFORZO

**1. A partir de esta fotografía representa el esquema de los elementos de la comunicación que intervienen en este acto comunicativo y explícalos:**

- \_\_\_\_\_ :
- \_\_\_\_\_ :
- \_\_\_\_\_ :
- \_\_\_\_\_ :
- CÓDIGO : \_\_\_\_\_
- SITUACIÓN : \_\_\_\_\_

PROBA3. ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA (AC)

**1. A partir de esta fotografía explica quién es el EMISOR, quién es el RECEPTOR y cuál es el MENSAJE:**

EMISOR (el que envía la información):

RECEPTOR (el que recibe la información):

MENSAJE (lo que dice la información):

Se nos fixamos nas tres probas observamos que:

- A Proba 1 contén os seis conceptos que o alumno debe saber. O profesor non lle facilita ningunha pista. Debe saber o concepto e desenvolvelo.
- A Proba 2 (RE) contén os seis conceptos, pero dous deles aparecen escritos polo profesor. Son os conceptos que se poden considerar máis dificultosos para o alumno.
- A Proba 3 (AC) xa non contén os seis conceptos, senón os tres que se consideran esenciais. Polo tanto, non cumpre co currículo da área, aínda que traballa conceptos da área. Fonte: Santiago Moll (Justifica tu respuesta)

## MODELOS DE DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

Centro Educativo:

# ADAPTACIÓN CURRICULAR

**Alumno:**

**Centro:**

**Curso:**

**Currículo de Referencia:**

**Período da proposta:**

Este documento forma parte do expediente do alumno/a e ten carácter confidencial.

Art.9º da Orde 6 de Outubro de 1995 (D.O.G. 7-11-95)

## Índice

1. DATOS PERSOAIS	1
2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE	1
3. DATOS PSICOSOCIAIS	1
4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR	2
5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR	2
6. DATOS PEDAGÓXICOS	2
6.1 COMPETENCIA CURRICULAR ACTUAL	2
6.2 ESTILO DE APRENDIZAXE	2
6.3 NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	2
7. METODOLOXÍA	3
8. SEGUIMENTO DA AC	3
8.1 CRITERIOS DE PROMOCIÓN	3
8.2 COLABORACIÓN COA FAMILIA	4
9. ÁREAS ADAPTADAS	4
10. PROFESIONAIS PARTICIPANTES	20
ANEXO I: REUNIÓN PERTINENCIA AC	21
ANEXO II: CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA	23

**1. DATOS PERSOAIS**

NOME	
DATA DE NACEMENTO	
NIVEL	
DOMICILIO	
CENTRO DE ENSINO	
CURRÍCULO DE REFERENCIA	
PERÍODO PARA O QUE SE PROPÓN A ADAPTACIÓN CURRICULAR	

**2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE**

--

**3. DATOS PSICOSOCIAIS**

--

**4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR**

--

**5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR**

--

**6. DATOS PEDAGÓGICOS**

**6.1 COMPETENCIA CURRICULAR ACTUAL**

--


**6.2 ESTILO DE APRENDIZAXE**

--





## 8.2 COLABORACIÓN COA FAMILIA



## 9. ÁREAS ADAPTADAS

- Matemáticas
- ..
- ..
- ..

As **competencias clave** traballaranse en todas as áreas para a súa consecución.

Comunicación lingüística (CCL)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)

Competencia dixital (CD)

Aprender a aprender (CAA)

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Os **estándares de aprendizaxe** suprimiranse (S), adaptaranse (A) ou serán válidos (V) segundo o caso en todas as áreas, e así aparece recollido na presente AC.

ÁREA: MATEMÁTICAS		
S/A/V	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE ADAPTADO

**10. PROFESIONAIS PARTICIPANTES**

**Director:**                      **Xefa de estudos:**                      **Titor/a:**                      **Mestra de PT/AL:**

**Orientadora:**

En....., a ..... de de 201.....

Visto e prace

O director/a do centro

*NOTA: Os datos reflectidos neste informe son confidenciais. Expresan a situación actual do alumno, non presupondo a súa evolución futura.*

NEXO I: REUNIÓN PERTINENCIA AC

## ACTA DE REUNIÓN PARA ADAPTACIÓN CURRICULAR

Reunidos os profesionais que a continuación se relacionan:

<b>Xefa de Estudos</b>	
<b>Mestra titora</b>	
<b>Profesorado especialista</b>	
<b>Orientadora</b>	

DECIDEN:

Que non procede a elaboración da adaptación curricular, xa que:

da avaliación realizada despréndese que non existen Necesidades Educativas Especiais que non poidan ser atendidas polos medios ordinarios

non se teñen esgotadas todas as medidas ordinarias

Que procede elaborar a adaptación curricular en base aos datos de avaliación diagnóstica nas seguintes áreas:


Modificando os seguintes elementos do currículo:

<input type="radio"/> Obxectivos	<input type="radio"/> Contidos	<input type="radio"/> Criterios de avaliación	<input type="radio"/> Competencias clave
----------------------------------	--------------------------------	---	--

ASINADO:

En ....., ..... de .....de 20....

**ANEXO II: CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA**

**CONSTANCIA DE INFORMACIÓN Á FAMILIA**

D/Dona: ..... con D.N.I. número:

- Pai
- Nai
- Representante Legal

do alumno: .....

fun informada do contido desta adaptación curricular realizada para

- O meu fillo/a
- O meu representado/a

e da posibilidade de recorrer, en caso de desacordo, diante da Dirección do Centro e da Inspección Provincial de Educación.

En ....., a ..... de ..... de 201.....

Sinatura:

## DOCUMENTO DE ADAPTACIÓN CURRICULAR (ACS)

**ALUMNO:**

**CURSO:**

**CENTRO EDUCATIVO:**

**CURSO ACADÉMICO:**

**1. DATOS GENERALES DEL ALUMNO/**

**2.- DATOS Y FIRMA DEL EQUIPO DE PROFESIONALES QUE INTERVIENEN EN LA ELABORACIÓN DE LA ACS**

PROFESORADO	NOMBRE	FIRMA
TUTOR/A		
ORIENTADORA		
PROFESORADO DE APOYO NEAE		
MATEMÁTICAS		
LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA		
C. DE LA NATURALEZA		
C. SOCIALES		
INGLÉS		

ÁREAS EN LAS QUE PRESENTA ACS		
ÁREA/MATERIA	NOMBRE DEL PROFESOR	FIRMA

### 3.- PROGRAMACIÓN

#### OBJETIVOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Los objetivos son los logros que el alumno debe alcanzar al finalizar el proceso educativo, como resultado de las experiencias de enseñanza/aprendizaje intencionalmente planificadas a tal fin. Deben ser observables y relacionados con los conocimientos, valores, habilidades y actitudes.

Tanto en la LOMCE como en nuestro **Decreto de Primaria 89/2014, de 1 de agosto** los únicos objetivo que se establecen son los de etapa, por lo que los objetivos de curso los iremos sacando de los diferentes criterios de evaluación y estableciéndolos en los diferentes PEP, tanto curriculares como previos o transversales.

Dichos criterios de evaluación estarán establecidos para conseguir los objetivos de etapa que a continuación expongo:

- a) Conocer y apreciar los valores y las normas de convivencia, aprender a obrar de acuerdo con ellas, prepararse para el ejercicio activo de la ciudadanía y respetar los derechos humanos, así como el pluralismo propio de una sociedad democrática.
- b) Desarrollar hábitos de trabajo individual y de equipo, de esfuerzo y de responsabilidad en el estudio, así como actitudes de confianza en sí mismo, sentido crítico, iniciativa personal, curiosidad, interés y creatividad en el aprendizaje, y espíritu emprendedor.
